

as pontes

Aprobados os orzamentos, que ascenden a máis de 16 millóns de euros. **Páx. 8**

friol

O Concello investirá unha achega da Xunta nun museo do queixo e na biblioteca. **Páx. 11**

pol

A Deputación luguesa aproba o convenio que permitirá ao Concello construír un PAI. **Páx. 21**

meira

A Confederación fará un investimento na EDAR para servir ao polígono. **Páx. 24**

terra chá

Africor premia a 13 granxas da provincia, tres delas de Pastoriza e unha de Guitiriz. **Páx. 25**

Competicións de estrea

A Vacaloura Travel en Castro de Rei, o Rallymix en Guitiriz e o Tríatlon Lago As Pontes escolleron celebrar as primeiras probas na comarca



Vilalba debulla o seu programa para as festas

O músico Daniel Veiga será o pregoeiro dunha celebración que presenta varias novidades. **Páx. 2**

Guitiriz prepárase para a arte e a música

Celebrará primeiro a Feira de Cantería e logo unha nova edición do Festival de Pardiñas. **Páx. 16**

Montserrat Casanova



Foi elixida para levar as rendas do PSOE no concello de Pastoriza. **Páx. 14**

Pablo Albariño



Toma o liderado dos socialistas do concello de Cospeito. **Páx. 22**

Eclipse de sol



Reportaxe detallado das previsións para este acontecemento. **Páx.26-27**

A Deputación reclama mellor sanidade pública

Está en contra da eliminación da atención primaria os sábados pola mañá. **Páx. 29**

¡REBAIXAS!
MESMA CALIDADE CON PREZOS ESPECIAIS

@novalux_aspontes_vilalba

Nº R.S. E-27-000053 / E-27-000053 - Nº R.S. E-15-000024 / E-15-001170

NOVALUX
óptica & centro auditivo



NOVAS

vilalba

Vilalba dá a coñecer os gañadores do Concurso de Microrrelatos 2026

O Concello de Vilalba fixo públicos os gañadores e gañadoras do Concurso de Microrrelatos 2026, unha iniciativa cultural que busca fomentar a creación literaria entre persoas de diferentes idades. O anuncio foi realizado pola concelleira de Cultura, Mónica González, tras a reunión do xurado encargado de valorar os traballos presentados nesta edición.

Na categoría infantil, o primeiro premio foi para Leah Ferreiro García polo microrrelato “Querote, avó”. O segundo posto recaeu en Carmen López Tenreiro coa obra *O bosque das mil maravillas*, mentres que o terceiro premio foi para Antía Pérez Cendán por *As Américas*.

Na categoría xuvenil, Darío Pita Rodríguez acadou o primeiro premio co traballo *O sobrado*. O segundo galardón foi para Duarte Mariño Torrado por *Ola, hai alguén aí?* e o terceiro para Adriana Garrido Santos coa obra *O libro*.

Pola súa banda, na categoría de persoas adultas, o xurado concedeu o primeiro premio a Patricia Torrado Queiruga por *Historia Universal*. O segundo posto foi para Cándido Paniagua Pousa coa obra *Á hora acordada* e o terceiro premio para Alba Sánchez Ares por *Apoñendo*.

Os premios inclúen diplomas acreditativos e diferentes agasallos segundo a categoría, como lotes de libros, material escolar, un ordenador portátil ou premios en metálico no caso da modalidade de adultos.

Desde o Concello de Vilalba destacaron a elevada participación e a calidade dos textos presentados.

Vilalba presenta o programa das Festas de San Ramón e Santa María, que mudan de formato

A programación musical das festas de San Ramón e Santa María 2026, que se celebrarán entre o 26 de agosto e o 6 de setembro, xa está en marcha.

A presentación serviu para dar a coñecer as principais actuacións musicais das xornadas centrais das patronais, aínda que o programa continuará completándose nas vindeiras semanas con outras propostas culturais, deportivas, infantís e de dinamización que se recollerán no libro oficial das festas, no que xa se está traballando.

Entre esas actividades pendentes de presentar atópanse citas xa tradicionais como o venres da xira ou a programación específica dirixida ao público infantil.

Unha das principais novidades desta edición será a reorganización dos espazos festivos.

Así, as sesións vermú celebraranse na Praza da Constitución cun formato ampliado de tres horas de duración, mentres que todas as verbenas pasarán a desenvolverse no Campo da Feira.

Segundo explicou o goberno municipal, esta decisión responde á necesidade de mellorar a loxística das festas e facilitar a montaxe dos espectáculos, especialmente nunha edición na que os días principais da programación se concentran de forma continuada e na que participarán formacións de gran formato.

O programa musical deste ano aposta por unha oferta diversa, combinando orquestras, grupos e concertos pensados para públicos e estilos diferentes.

Os actos arrancarán o 26 de agosto



coa Xira dos Maiores, que terá como protagonista ao Dúo Venus. Dous días máis tarde, o 28 de agosto, dará comezo a Xira Campestre cunha noite amenizada por DJs locais.

O 29 de agosto será a quenda do Grupo La Bamba e da Orquestra Galaxia, mentres que o 30 de agosto a programación incluírá unha sesión vermú longa a cargo do Grupo La Tremenda. Xa pola noite, o Campo da Feira acollerá a verbena protagonizada pola Orquestra Los Satélites e o Grupo Origen.

O domingo 31 de agosto, coincidindo coa celebración de San Ramón, a Orquestra Escaparate ofrecerá unha sesión vermú longa na Praza da Constitución. Pola noite, a festa trasladarase ao Campo da Feira coa actuación da Orquestra Panorama City e da Orquestra Costa Dorada.

O 1 de setembro, día de Santa María, a música continuará coa sesión vermú longa da Orquestra Fuego na Praza da Constitución. A gran verbena nocturna contará coa participa-

ción da Orquestra París de Noia e da Orquestra Trébol no Campo da Feira. A programación continuará o 4 de setembro coa actuación da Orquestra Marbella e de Cosme DeeJay, tamén no Campo da Feira.

O 5 de setembro celebrarase unha nova sesión vermú longa na Praza da Constitución a cargo do Dúo Estrellas. Xa pola noite, a música dará paso aos concertos de “A Toda Pastilla”, tributo a Estopa, e “Yo Lataba en EGB”, espectáculo presentado por Marcos Peón e DJ Frisco.

As celebracións rematarán o 6 de setembro coa Feira e o Día das Parroquias, dedicados nesta edición á parroquia de Román. A xornada contará cunha sesión vermú longa na Praza da Constitución amenizada pola Orquestra Acordes.

PREGOEIRO E AUTOR DO CARTEL

O Concello tamén presentou ao pregoeiro e ao autor do cartel oficial das festas de San Ramón e Santa María 2026, dous nomes que representan

o talento, a creatividade e o forte vínculo coa vila e que terán un papel protagonista nas patronais deste ano.

O pregoeiro das festas será Daniel Veiga Roca, músico vilalbés cunha destacada traxectoria profesional que comezou precisamente na Banda de Música de Vilalba, onde iniciou a súa formación sendo un neno. Tras completar estudos en distintos conservatorios e centros superiores e colaborar con formacións orquestrais de referencia tanto nacionais como internacionais, actualmente é clarinete solista da Orquestra Sinfónica Ciudad de Zaragoza, colaborador habitual da Real Filharmonía de Galicia, profesor do Conservatorio Profesional e da Escola de Música de Vilalba e director da Banda de Música de Vilalba.

O cartel oficial das festas leva a sinatura de Antón Luis Guntín Vázquez, artista vilalbés que desenvolveu a súa formación en Artes Plásticas e que desde moi novo destacou pola súa capacidade creativa, acadando diversos recoñecementos. Na actualidade compaxina a súa actividade profesional na área da saúde mental coa creación artística, ámbito no que continúa desenvolvendo unha traxectoria persoal consolidada.

Durante a presentación, a alcaldesa destacou que “as festas tamén son unha oportunidade para recoñecer ás persoas que representan o mellor de Vilalba. Dani Veiga e Antón Luis Guntín son dous exemplos de talento, traballo e compromiso coa súa terra, e era de xustiza que este ano ocupasen un lugar protagonista nas nosas patronais”.

RESTAURANTE PARRILLADA

O'Adro

COMIDA PARA LEVAR
COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...
Ven a probar os nosos cocidos

O Adro, Lanzós 27816
VILALBA - LUGO
982 52 58 65 - 626 23 71 56

TA TECNOAGRI
Maquinaria Agrícola, Técnica, Luminaria y S.L.

DeLaval

Avenida de Outeiro de Rei, 57 - Castro Ribeiras de Lea
Teléfono: 982 330 465

A Deputación inviste 338.000 euros na estrada LU-P-6531

Vilalba valora positivamente a aprobación da licitación das obras de rehabilitación do firme da estrada provincial LU-P-6531 Vilalba-Momán, unha actuación que permitirá continuar mellorando unha das principais vías de comunicación do municipio. A intervención contará cun investimento de 338.396,28 euros e actuará sobre un tramo de practicamente dous quilómetros de lonxitude, entre os puntos quilométricos 2+125 e 4+000, cun prazo previsto de execución de catro meses.

Os traballos previstos inclúen a reapertura de cunetas, a pavimentación mediante aglomerado en quente e a renovación da sinalización, co obxectivo de mellorar as condicións de circulación e reforzar a seguridade viaria.

Esta actuación dá continuidade ás melloras xa executadas durante o último ano nesta mesma estrada, cando se levou a cabo a rexeneración integral do firme no tramo comprendido entre o casco urbano de Vilalba e a rotonda de acceso á autovía A-8.

A LU-P-6513 constitúe unha infraestrutura especialmente relevante para Vilalba, xa que non só conecta o núcleo urbano coa autovía, senón que tamén dá servizo ás parroquias de Mourence, Gondásque, Distriz, Tardade e Codesido, ademais de facilitar a conexión con Xermade.

Marta Rouco, destacou que “este novo investimento permite continuar unha liña de mellora progresiva nunha estrada especialmente utilizada pola veciñanza e que ten unha importancia estratéxica para a mobilidade do municipio”.

Rouco explicou que “falamos dunha vía que conecta diariamente persoas co casco urbano, cos servizos, co acceso á autovía e tamén cunha parte importante do noso rural”.



A rúa da Revolta acollerá 80 prazas de aparcadoiro para turismos

O Concello de Vilalba vén de completar unha actuación de reorganización do estacionamento na rúa da Revolta, nas proximidades do centro de saúde, coa delimitación de 80 prazas de aparcamento para turismos ao longo dos dous marxes da vía.

A alcaldesa e o concelleiro Luis Fernández, comprobaron o resultado dunha intervención que permite ordenar e optimizar un espazo que xa viña sendo empregado para o estacionamento, adaptándoo ao uso maioritario que realizan diariamente os vehículos lixeiros.

A actuación consistiu na sinalización horizontal e na delimitación de prazas de 5,20 metros de lonxitude, unha medida que permite organizar mellor o estacionamento e aproveitar de forma máis eficiente a superficie dispoñible, incrementando a capacidade para turismos sen necesidade de ampliar o espazo existente.

Marta Rouco, destacou que “esta é unha desas actuacións que demostran que, con planificación e unha boa organización do espazo público, tamén se poden conseguir melloras para a veciñanza”.

Rouco explicou ademais que “o obxectivo é seguir revisando diferentes puntos da vila para introducir melloras que fagan máis cómodo o día a día da cidadanía, aproveitando mellor os recursos e as infraestruturas coas que xa contamos”.

Pola súa banda, o concelleiro de Infraestruturas Urbanas, Luis Fernández, sinalou que esta actuación responde ao traballo que se está a desenvolver desde a concellería para mellorar progresivamente a funcionalidade dos espazos urbanos. “Analizamos de maneira continua como se utilizan os distintos espazos públicos para adaptalos ás necesidades reais da veciñanza e conseguir que resulten máis prácticos e eficientes”, indicou.

A vila amenizará as tardes de verán co ciclo musical ‘Seráns con son’

Vilalba contará cunha nova proposta para o verán baixo o nome de *Seráns con son*, un ciclo musical que levará á alameda Basanta Olano un total de 7 actuacións ao aire libre. As actuacións celebraranse todos os xoves do mes de xullo e o primeiro de agosto ás 20:30 horas, ademais dunha última cita especial o martes 11 de agosto, coincidindo coa xornada previa ao eclipse solar, arredor do que o Concello está a preparar tamén unha programación específica que será presentada nas próximas semanas.

Tralo inicio que protagonizaron The Swinging Flamings (swing – Galicia), continuarán as actuacións con Terrae & Nastasia Zürcher (músicas do Mundo – Galicia/Suíza), César de Centi (cancionista e versións – Galicia), Silvia Penide (cantautora – Galicia), Bela Clarlo (versións – Galicia), Disquetera (versións pop e

rock – Galicia) e DJ Mr. Fishman (selección especial previa ao eclipse). Durante a presentación, desde o Concello explicouse que este novo ciclo non se entende como unha programación illada, senón como parte dunha estratexia máis ampla para reforzar a actividade social en Vilalba ao longo de todo o ano.

A alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, destacou que “queremos unha vila viva, con actividade e con propostas que dean vida aos espazos públicos e que animen tanto á veciñanza como ás persoas que nos visitan a quedar”.

Pola súa parte, o concelleiro Luis Fernández puxo en valor que “a programación busca chegar a públicos diferentes e aproveitar espazos tan emblemáticos como a alameda Basanta Olano para convertelos tamén nun punto de encontro arredor da cultura e da música”.

CONSELLO DA INFANCIA



O Consello Local da Infancia e da Adolescencia de Vilalba celebrou a súa segunda convocatoria correspondente ao curso 2025-2026, unha sesión centrada na participación activa da mocidade e na recollida de propostas para mellorar a vida no municipio.

SOMOS ESPECIALISTAS EN RECAMBIO AGRÍCOLA NEUMÁTICA HIDRÁULICA TRANSMISIÓN HERRAMIENTAS ACEITES	TENEMOS EL RECAMBIO PARA TU APERO CUCHILLAS MUELLES CORREAS RODAMIENTOS	TRABAJAMOS LAS MEJORES MARCAS JOHN DEERE eni CEPSA BCS PETRONAS TIMKEN BZ bezares S.A.	TODAS LAS HERRAMIENTAS QUE NECESITAS Milwaukee Nothing but HEAVY DUTY.	RYS SESACAR RECAMBIOS Y SUMINISTROS Rúa do Freixo, P-53 Pol. Ind. Sete Pontes 27800 Vilalba - Lugo Tel.: 982 831 105 / 609 392 656 recambios@sesacar.com
---	--	---	---	--

O BNG denuncia as altas temperaturas no PAI e reclama medidas urxentes

O BNG trasladou á opinión pública a súa preocupación pola situación que se está a vivir no Punto de Atención á Infancia (PAI) durante os días de altas temperaturas. A formación asegura que recibiu numerosas queixas das familias usuarias, que denuncian que as crianzas están a sufrir especialmente os efectos da actual vaga de calor nunhas instalacións que foron inauguradas recentemente. Segundo explica o BNG, as familias consideran que “nunhas instalacións recentemente inauguradas non se poida manter unha temperatura axeitada que evite o risco para as crianzas” e entenden que “as condicións de illamento e climatización terían que ter sido revisadas”, ademais de reclamar a instalación dun sistema de renovación do aire que contribúa a evitar os malos olores.

O PAI, situado no edificio da Praza de Abastos xunto coa Unidade de Atención Temperá, dispón de 20 prazas para nenas e nenos de entre 0 e 4 anos. As instalacións foron acondicionadas mediante a eliminación de paredes interiores e a creación dun espazo aberto e diáfano con cinco zonas diferenciadas: gateo, descanso, hixiene, aseo e preparación de alimentos.

A formación tamén pon o foco na dotación de persoal do centro, sinalando que está composta por dúas traballadoras e unha persoa encargada da limpeza, unha situación que, ao seu xuízo, evidencia “a práctica imposibilidade para atender con eficacia a 20 crianzas desta idade”.

As familias, segundo recolle o comunicado, consideran imprescindible manter o funcionamento do servizo, pero reclaman melloras tanto no acondicionamento do local como na creación dun pequeno patio exterior.



O PP pregunta no Senado polo futuro da antiga Casa Sindical de Vilalba

O PP leva ao Senado o abandono da antiga Casa Sindical de Vilalba e esixe coñecer o seu futuro a través dunha resposta oficial por parte do Goberno. Para iso, os representantes lucenses na Cámara Alta -José Manuel Barreiro, José Manuel Balseiro e Juan Serrano- dirixense formalmente ao Ministerio de Traballo e Economía Social a petición do PP de Vilalba para coñecer que uso ten previsto para o inmoble.

Os populares explican que “este edificio, na actualidade, permanece sen uso”. E engaden que “se está deteriorando porque ten goteiras”; pero “é totalmente recuperable”. De feito, unha vez acondicionado poderíase aproveitar por parte do Concello ou de asociacións e colectivos de Vilalba.

Os populares consideran “unha pena desaproveitar un inmoble público situado nunha ubicación céntrica, na Praza da Constitución, e con potencial para albergar servizos ou equipamentos de interese para os veciños e veciñas”. Nese sentido, tamén se preguntan se o goberno local que preside a alcaldesa socialista “se interesou ante o Goberno de España

polo estado deste inmoble público”. O propio Goberno confirmou en resposta a unha iniciativa parlamentaria previa dos senadores na Cámara Alta que a antiga Casa Sindical é un inmoble de titularidade da Administración Xeral do Estado integrada no Patrimonio Sindical Acumulado que xestiona o Ministerio de Traballo e Economía Social.

O edificio foi construído en torno ao ano 1960 e destinado orixinalmente a distintos usos administrativos. Máis recentemente o inmoble e as súas dependencias acolleron diferentes sede de organización sindicais e agrarias.

POLÍTICA EMPRESARIAL. Tamén felicitou á nova empresa adxudicataria das parcelas do polígono industrial ao considerar que a chegada de novos proxectos empresariais representa unha noticia positiva e un impulso económico para o municipio. Con todo, a formación aproveitou para reclamar ao executivo local un maior esforzo en materia de desenvolvemento empresarial e lamentou que esta actuación constituía unha excepción dentro da xestión actual.

Entrepinares investirá en Vilalba 20 millóns para fabricar Queso ‘Cottage’

Entrepinares anunciou un novo proxecto estratéxico para a fabricación de queixo *cottage* na súa planta de Vilalba, unha iniciativa que suporá un investimento de 20 millóns de euros e que permitirá á compañía responder ás novas tendencias de consumo. O desenvolvemento desta nova capacidade produtiva responde á alianza que o Grupo Entrepinares mantén con Mercadona.

O proxecto, cuxa posta en marcha está prevista para o segundo semestre de 2027, contempla un período de execución de aproximadamente 18 meses e dotará á planta galega da capacidade necesaria para producir máis de 7 millóns de quilos de queixo *cottage* ao ano.

A implantación deste novo desenvolvemento levarase a cabo integramente na planta de Vilalba, que se consolida así como un enclave clave dentro do crecemento industrial da compañía. Os equipos do Grupo Entrepinares xa traballan na planificación e desenvolvemento das diferentes fases do proxecto para cumprir cun calendario esixente que requirirá coordinación, capacidade de execución e compromiso por parte de toda a organización. Así mesmo, calcúlase que arredor de 60 persoas traballarán en actividades vinculadas a esta categoría dentro da planta, unha cifra que pon de manifesto a dimensión e relevancia do proxecto.

Renovado o convenio coa Xunta para financiar o comedor escolar da EEI

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP destinará máis de 67.000€ a cofinanciar o servizo de comedor nos concellos de Oroso e Vilalba. O Consello da Xunta aprobou hoxe a renovación dos convenios a través dos cales se instrumenta esta colaboración, que se enmarcan nas diferentes liñas de apoio da Xunta á prestación deste servizo.

Ao abeiro destes acordos facilitaráselles o uso do comedor escolar a 130 alumnos do CEIP Plurilingüe do Camiño Inglés (Oroso) e a 75 da Escola de Educación Infantil de

Vilalba ao longo do curso 2026/27. Cómpre lembrar que o Goberno galego é a Administración que sostén o groso do funcionamento dos comedores escolares en Galicia, xa que preto do 80% das 85.000 prazas son xestionadas pola Consellería de Educación. Os comedores escolares galegos dan servizo a 85.000 alumnos. Nestes comedores sérvense uns 62.000 menús diarios, é dicir, 11 millóns de menús cada curso. O Goberno galego inviste máis de 360.000€ diarios na prestación deste servizo, uns 63,5 M€ cada curso.

¡Para todo lo que tu automóvil necesita!

Reparaciones Carlos, s. L.

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)
 Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319
 jcpenelas@bosch-bcs.com

DESEÑAMOS PROXECTOS MODULARES PERSONALIZADOS

MOBILIARIO PARA O TEU FOGAR
 Especialistas en moble modular e agora tamén
 DESEÑAMOS A TUA COCIÑA.

Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

Inauguran a oficina de emprego tras a remodelación realizada

Abriu a oficina de emprego de Vilalba, tras as obras de adecuación executadas en dous locais de titularidade autonómica por máis de 756.000 euros. A oficina presta servizo á veciñanza da capital da Terra Chá, pero tamén dos concellos de Guitiriz, Cospeito ou Xermade.

As instalacións renovadas teñen unha superficie de case 460 m² útiles e con media ducia de persoas traballadoras na parte do Servizo Público de Emprego de Galicia que atenderon o ano pasado case 5.600 citas.

Ao abeiro do proceso de modernización en marcha, o titular de Emprego puxo de relevo tamén os 2 M€ consignados neste 2026 para seguir desenvolvendo a ferramenta de in-



telixencia artificial EMI, entre outras, a través da aplicación móbil que permitirá á cidadanía realizar os seus propios perfilados competenciais. Unha ferramenta que ten propiciado

xa uns 106.200 perfilados en toda Galicia, potenciando as oportunidades laborais das persoas beneficiarias. Deles, máis de 13.500 fixéronse na provincia de Lugo.

Oleiros prepárase para a Romaría da Virxe do Carme

Oleiros xa se prepara para celebrar a Romaría da Virxe do Carme os días 18 e 19 de xullo.

O sábado 18, a xornada comezará ás 13.30 horas coa misa e a procesión, seguida dunha sesión vermú amenizada polo grupo Folixa. A partir das 15.30 horas, os asistentes poderán gozar dunha comida campestre baixo carpa e pola tarde, actuará o dúo Carlos e Javi, e xa entrada a noite terá lugar a gran verbena coa actuación novamente de Folixa e o dúo Carlos e Javi.

O domingo, repetirase a misa ás 13.30 horas e a procesión, seguido dunha nova sesión vermú a cargo do dúo Eclipse. A comida campestre, tamén ás 15.30 horas, contará de novo cunha ampla variedade de menús para adultos e nenos.

Destinan 12.000 euros a axudas de material escolar en Infantil

O Concello vén de publicar as bases reguladoras para a concesión das axudas destinadas á adquisición de material escolar para o alumnado de Educación Infantil (3 a 6 anos) correspondentes ao curso 2026-2027. Unha convocatoria á que o goberno municipal destina 12.000 euros co obxectivo de apoiar ás familias vilalbesas nunha etapa educativa na que actualmente non existe ningunha liña de axudas para material escolar por parte doutras administracións públicas.

Así, esta liña de axudas responde á demanda detectada polos Servizos Sociais municipais, que puxeron de

manifesto a necesidade de impulsar unha medida específica para aliviar o esforzo económico que supón o inicio do curso para moitas familias con fillos e fillas nesta etapa educativa. As axudas poderán alcanzar os 75 ou os 100 euros, en función da renda per cápita anual da unidade familiar.

Marta Rouco destacou que “un Concello tamén ten que saber detectar aquelas necesidades ás que outras administracións non están chegando. No caso da Educación Infantil existía un baleiro evidente e consideramos que era a nosa responsabilidade dar unha resposta”.



Vilalba recibe a Escoba de Prata pola mellora na recollida de residuos

O Concello de Vilalba vén de recibir o premio Escoba de Prata, un recoñecemento outorgado por ATEGRUS (Asociación Técnica para a Xestión de Resíduos e Medio Ambiente) no marco da celebración de TECMA 2026, Feira Internacional de Urbanismo e Medio Ambiente, celebrada en IFEMA, Madrid.

A alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, e a concelleira Paula Vigo foron as encargadas de recoller este galardón, que distingue iniciativas e actuacións orientadas á mellora da xestión dos residuos, da limpeza e do aseo urbano, así como aquelas accións que contribúen ao avance tecnolóxico, á innovación social e á mellora da sustentabilidade e da calidade de vida.

Os premios ESCOBAS recoñecen proxectos e experiencias desenvolvidas por administracións e entidades de todo o Estado que destacan pola súa capacidade para transformar e mellorar os servizos vinculados ao coidado da contorna.

Vilalba presentou a súa candidatura e resultou premiada grazas ao traballo desenvolvido nos últimos meses arredor da posta en marcha do novo

contrato do servizo de recollida de residuos e limpeza viaria.

A alcaldesa, Marta Rouco, destacou que este recoñecemento “supón unha satisfacción importante porque avala un traballo que ás veces non sempre é o máis visible, pero que ten un impacto directo no día a día da veciñanza”.

A rexedora lembrou que “a entrada en vigor do novo contrato do lixo permitiu introducir melloras substanciais tanto na recollida de residuos no casco urbano e nas parroquias como nos servizos de limpeza viaria, cun modelo máis adaptado ás necesidades actuais do municipio”.

Rouco puxo en valor tamén o proceso levado a cabo para impulsar esta transformación do servizo.

“Falamos dun contrato que se licitou e aprobou durante esta etapa de goberno e que responde a unha idea moi clara: prestar mellores servizos públicos e facelo con criterios de eficacia, sustentabilidade e equilibrio territorial para que as melloras cheguen tamén ao rural”, sinalou.

A alcaldesa subliñou ademais que este premio debe entenderse como un recoñecemento colectivo.



CLÍNICA DENTAL TEST
CENTRO DE ODONTOLOGÍA
E IMPLANTOLOGÍA

Camiño Real, 36-38 Entlo

982 228 428 • 608 938 993

Invisten 140.000 euros na seguridade viaria dos polígonos industriais

O Concello levará a cabo nos próximos meses un conxunto de actuacións destinadas á mellora da seguridade viaria nos polígonos industriais dos Airíos e de Penapurreira, cun investimento total de 141.794,18 euros.

Estas intervencións executaranse ao abeiro das liñas de axuda da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, dirixidas á mellora e modernización das infraestruturas dos parques empresariais da comunidade autónoma. A primeira actuación centrarase na pavimentación do viario 2 do polígono industrial dos Airíos, cunha lonxitude aproximada de 830 metros e unha superficie de intervención de 7.981 m².

Así mesmo, executarase o fresado dos bordos nos encontros co pavimento existente, co obxectivo de garantir unha correcta transición e a durabilidade da nova capa.

A segunda actuación abranguerá a reposición integral da sinalización horizontal nos polígonos dos Airíos e Penapurreira.

No polígono dos Airíos, renovárase a pintura de liñas, símbolos e cebreados, actualmente moi deteriorados ou inexistentes, afectando a máis de 9.800 metros lineais, 27 símbolos e 1.169,55 m² de superficies cebreadas.

De forma complementaria, no polígono de Penapurreira executarase a reposición completa da sinalización horizontal dos seus viais interiores.

Arrancan as melloras da avenida de Lugo e da rúa Pardo Bazán

Iniciáronse as obras da segunda fase de mellora de servizos e pavimentos na rúa Pardo Bazán á empresa Ambientum Tratamiento Global del Medioambiente S.L., cun investimento de 225.647 euros procedentes da Deputación da Coruña.

As obras forman parte dun plan progresivo de rehabilitación do viario iniciado coa primeira fase en 2022, co obxectivo de mellorar a accesibilidade, a seguridade viaria e a calidade dos servizos urbanos, seguindo os estándares e a estética empregados na primeira intervención.

A execución da obra inclúe unha reordenación completa do tráfico, establecendo un sentido único de circulación para resolver os puntos conflictivos provocados polo estreitamento da vía e optimizando o estacionamento en paralelo.

As beirarrúas serán totalmente renovadas con baldosas de formigón, eliminando desniveis e garantindo a accesibilidade segundo a normativa vixente, mentres que a calzada se axustará cunha nova capa de aglomerado en quente, tamén sobre unha solera de formigón que asegura estabilidade e durabilidade.

Ademais, realizarase a instalación dun novo sistema de saneamento separativo e a modernización do alumeadado público, co levantamento dos farois existentes e a instalación de nove novos báculos con luminarias LED de alta eficiencia, garantindo unha iluminación óptima para vehículos e peóns, así como a conexión segura á rede eléctrica existente.

No ámbito da urbanización, realizaranse a reposición da sinalización horizontal e vertical, a colocación de mobiliario urbano que inclúe ban-



cos, papeleiras e xardineiras, e a limpeza final da obra.

Tamén se definirán as prazas de estacionamento público, incluíndo unha praza adaptada para persoas con mobilidade reducida, e repórase a pintura viaria sobre o novo aglomerado.

O tramo a intervenir ten aproximadamente 140 metros de lonxitude e abrangue unha superficie de 1.420 m², completando a urbanización da rúa ata a súa conexión coas rúas Antonio Machado e Ronda do Poboado, garantindo un espazo máis seguro, accesible e funcional para a veciñanza.

AVENIDA DE LUGO. Tamén arrancou a segunda fase das obras de mellora de pavimentos e servizos na Avenida de Lugo, entre os números 1 e 19, unha actuación financiada con cargo ao Plan de Obras e Servizos (POS) da Deputación da Coruña e que conta cun investimento de 207.862,90 euros. Esta intervención permitirá avanzar na humanización dunha das principais vías de acceso ao centro

urbano, mellorando a accesibilidade, a seguridade viaria e a calidade dos espazos públicos nun tramo estratéxico da Avenida de Lugo.

O proxecto contempla a eliminación do desnivel existente entre a calzada e as beirarrúas, favorecendo a accesibilidade universal, así como a renovación dos pavimentos tanto na zona de circulación como nas beirarrúas e áreas de aparcamento. Nos pasos de peóns instálase pavimento táctil adaptado para persoas con discapacidade visual.

RÚA REAL. O Concello vén de adxudicar as obras de renovación do pavimento e mellora da rúa Real (2ª fase), unha actuación destinada a reforzar a seguridade peonil, mellorar a accesibilidade e contribuír á posta en valor dun dos espazos máis emblemáticos do casco histórico da vila. O proxecto permitirá dar continuidade ás actuacións realizadas nos últimos anos, avanzando na modernización dos espazos públicos e na creación dunha imaxe urbana máis homoxénea e funcional.

POLIDEPORTIVO DA MAGDALENA



Finalizaron as obras de rehabilitación enerxética do Polideportivo da Magdalena, unha actuación que supuxo un investimento de 149.911,99 euros para modernizar esta instalación deportiva, construída entre finais dos anos 80 e comezos dos 90, mellorando a súa eficiencia enerxética, o confort interior e a funcionalidade do edificio.

R.S. C-27-001184

Carballo & Otero
CLINICA DEL PIE

DRA. YESICA OTERO ESTALOTE
DR. JUAN L. CARBALLO DÍAZ

- **PODOLOGÍA**
DEPORTIVA - INFANTIL
CIRUGÍA - DIABÉTICA
GERIÁTRICA - PLANTILLAS
- **TRATAMIENTOS CON LASER**
• **ESTUDIO INFORMATIZADO DE LA MARCHA**
• **ÚLCERAS**
ARTERIALES - VENOSAS
- **ECOGRAFÍA**

ATENCIÓN A DOMICILIO
HORARIO DE VERANO
Lunes, miércoles y viernes
de 9:00 a 15:00h.
Martes y jueves de 9:00 a 20:00h.
Campo de Puente, 20 Bj.
Vilalba - Lugo
Telf: 982 88 75 65
Urgencias: 609 72 97 12

constru fer
Saneamientos, construcción y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 • VILALBA (LUGO)
Telf: 982 511 200
SISTALLO - COSPEITO
Telf: 982 520 133

Visita nuestra nueva tienda online:
www.construfervilalba.com

A compra de Einsa por parte da Xunta define o proxecto industrial

O alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, asegurou que “con firmeza, seriedade e discreción vanse dando pasos cara á consolidación dun gran proxecto industrial”, tras coñecerse a adquisición por parte da Xunta de Galicia das instalacións de Einsa, unha das maiores naves industriais de Galicia, con máis de 110.000 metros cadrados de superficie, destinadas a albergar un gran centro de produción industrial.

O alcalde das Pontes destacou que este importante avance é “o froito de meses de intenso traballo, esforzo, discreción e coordinación entre administracións”, un labor conxunto que permitiu dar un paso de gran valor estratéxico para o futuro industrial do municipio.

“Estamos ante un fito para As Pontes e para Galicia. O feito de que estas instalacións pasen a ser de titularidade pública constitúe unha garantía de futuro e unha oportunidade para consolidar un proxecto industrial de gran dimensión”, sinalou o rexedor. Así mesmo, quixo recoñecer expresamente o traballo realizado pola Xunta de Galicia, personificado no seu presidente, Alfonso Rueda, e na conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, así como nos



seus respectivos equipos.

“Quero agradecer a implicación, o compromiso e o enorme esforzo realizado durante todos estes meses, deixándose a pel para facer posible este avance. É o resultado dun traballo constante, rigoroso e coordinado, no que todas as administracións implicadas souberon remar na mesma dirección”, destacou o alcalde.

O rexedor explicou que esta adquisición constitúe a primeira fase dun proxecto industrial de gran envergadura, impulsado de forma coordinada entre a Xunta de Galicia, o Goberno de España e o Concello das Pontes, co obxectivo de favorecer a implantación dunha iniciativa estratéxica para o municipio.

Na actualidade, os equipos de Xestur, da Oficina Económica da Xunta e os servizos municipais de Industria e Urbanismo do Concello das Pontes continúan traballando de maneira coordinada en todos os aspectos técnicos e administrativos necesarios para facer posible unha implantación industrial destas características.

O Concello das Pontes considera que este avance supón un fito decisivo na estratexia de reindustrialización do municipio e pon de manifesto que o esforzo compartido, a colaboración institucional e o compromiso co futuro das Pontes están a dar resultados.

Aprobada a servidume de auga para a planta de biofibra

O Pleno aprobou por unanimidade a constitución dun dereito de servidume sobre unha parcela de titularidade necesaria para o desenvolvemento da futura planta de biofibra reciclada branqueada promovida por Biofibras de Galicia S.L.U., un proxecto declarado Proxecto Industrial Estratéxico (PIE) polo Consello da Xunta de Galicia o 15 de xuño de 2023 que conta ademais coa Declaración de Impacto Ambiental (DIA) favorable e coa Autorización Ambiental Integrada (AAI) outorgadas pola administración autonómica.

O alcalde agradeceu a responsabilidade e o respaldo unánime de todos os grupos políticos, así como o traballo desenvolvido polos servizos municipais para tramitar con axilidade este expediente.

Ademais, explicou que a aprobación deste acordo constitúe un trámite necesario dentro do procedemento administrativo que está a seguir o proxecto ante a Xunta de Galicia.

O acordo autoriza a constitución dun dereito de servidume de paso e ocupación sobre un inmovible de natureza patrimonial do Concello, indispensable para a execución das infraestruturas do proxecto.

A demolición das torres da térmica será o día 30

A demolición das torres de refrixeración da central térmica se levará a cabo o 30 de xullo, unha vez finalizadas as Festas do Carme, tal e como avanzara a mediados do mes de xuño o alcalde, Valentín González Formoso.

Nun primeiro momento, as empresas implicadas propuxeron o 16 de xullo como data de execución, ao considerar que era a opción que menor impacto xeraría na súa actividade produtiva. Porén, o Concello trasladou, xa no mes de maio, que esa data non era aceptable por coincidir co período de celebración das Festas do Carme, polo que a actuación debía realizarse unha vez rematadas as celebracións.

O alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, sinala que “había unha proposta inicial para o 16 de xullo porque era o momento que menos prexuízo causaba á produción das fábricas, pero desde o Concello entendíamos que non era aceptable e así o fixemos saber, non a íamos admitir”.

A actuación implicará a parada do parque de transformación da central e a execución dunha voladura

controlada das torres, o que fará necesario establecer un cero enerxético na subestación situada xunto á central; unha infraestrutura clave da rede eléctrica xa que dá servizo á evacuación de varios parques eólicos e funciona tamén como punto de conexión para grandes consumidores industriais.

A demolición implicará a interrupción temporal da subministración eléctrica durante esa xornada nas instalacións afectadas, polo que o Concello quere agradecer a colaboración e o esforzo realizado polas empresas e operadores implicados, como Megasa, Alcoa, Redeia Corporación, Naturgy e Endesa, entre outras, para facer posible, traballando de maneira coordinada, fixar unha nova data viable para todas as partes, tendo en conta o impacto derivado da parada do parque de transformación.

Durante as horas de execución dos traballos será preciso proceder ao corte temporal das estradas anexas, co fin de garantir a seguridade das persoas e facilitar o desenvolvemento das operacións de demolición.




JRoca
INMOBILIARIA

ROCA & PRADO
ABOGADOS

Insua, Villalba Casa 3 Dorm 170 m ² En la parroquia de Insua, municipio de Villalba (Lugo), se vende vivienda unifamiliar, independiente, de unos 170 m ² repartidos en dos plantas. La casa tiene bien la fachada y el tejado, el resto tiene que se reformado. Parcela de unos 9500 m ² .	60.000 €
C/ Foz, Villalba Terreno Urbano 297 m ² Solar en el que se puede edificar bajo, 3 plantas y ático.	20.000 €
Sixto Primero, Villalba Casa 3 Dorm 1 Baño 130 m ² En la salida de Villalba (Lugo), vivienda unifamiliar a reformar. Cocina, un baño y varias habitaciones. Terreno de unos 200 m ² .	50.000 €
C/ Alcalde Fraga Bello, Villalba Terreno Urbano 140 m ² 8 metros de fachada. Se puede hacer sótano, bajo y 3 plantas más ático. El solar tiene salida para las calles Alcalde Fraga Bello y Nevada Bouza.	70.000 €
Santaballa, Villalba Terreno Urbano 1034 m ² Parcela edificable, en la que se puede hacer una vivienda unifamiliar de planta baja y piso. La finca se encuentra cerca de la Charca del Alligal y aproximadamente a 1 km de la autovía Ferrol-Villalba.	16.000 €
Villalba Casa pareada 4 Dorm 1 Baño 139 m ² En las proximidades de Mercadona, vivienda unifamiliar de dos plantas y bajo cubierta, con un patio en la parte trasera. Dispone de cuatro dormitorios, uno de ellos en planta baja, sala, comedor, cocina y un baño. En el patio trasero hay un trastero, la caldera de calefacción y un pozo.	95.000 €
Gatelle, Guitiriz Casa 5 Dorm 1 Baño 230 m ² Vivienda rural reformada recientemente, salvo un dependencia de la planta baja. Dispone de cocina, cinco habitaciones, un baño y la zona sin acondicionar. Terreno de unos 1.100 m ² , un garaje de 39 m ² y un almacén de 115 m ² .	150.000 €
C/ Bispo Rouco Varela, Villalba Piso 4 Dorm 2 Baño 120 m ² Cerca de la zona escolar, piso primero, sin ascensor, de cuatro dormitorios, sala, baño, aseo, cocina, terraza y un trastero en el desván. Se vende completamente amueblado. También se vende con el piso el bajo del edificio de 117 m ² , destinado a garajes, por 100.000 euros más.	100.000 €
Avenida da Terra Cha, Villalba Terreno Urbano 800 m ² Solar de 800 m ² con 16 metros de fachada. Edificabilidad de bajo y cuatro plantas más ático. El solar también da a la calle que pasa por detrás, la calle Mondoñedo.	127.000 €
C/ Conde Pallares, Villalba Casa Adosada 2 Dorm 1 Baño 150 m ² Se vende casa, para reformar, de planta baja y piso de unos 150 metros totales. Esta situada a escasos metros del centro.	17.000 €

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco
Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles
Comunidades - Penal
Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Villalba (Lugo)
Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo)
Tfnos.: 982 510 257 - 600 828 720
www.rocabogados.info
www.inmobiliariajroca.es

O Pleno do Concello aprobou, en sesión ordinaria, o orzamento municipal para o exercicio 2026, que ascende a 16.025.405,42 euros e se presenta equilibrado en ingresos e gastos.

O orzamento estrutúrase nos distintos capítulos de gasto, que recollen o funcionamento integral da administración local. En primeiro lugar, o capítulo I, de gastos de persoal, ascende a 6.447.788,71 euros e recolle tanto as retribucións do persoal municipal como a adaptación á Relación de Postos de Traballo e ás obrigas derivadas da estrutura organizativa. A continuación, o capítulo II, de gastos correntes en bens e servizos, sitúase en 8.341.442,63 euros e constitúe o de maior peso do orzamento, xa que financia a prestación ordinaria dos servizos públicos municipais:

O Pleno aproba un orzamento de máis de 16 millóns de euros

mantemento de vías e infraestruturas, subministracións, limpeza, contratos de servizos, funcionamento de instalacións e atención ás necesidades operativas do conxunto da administración local. Por outra banda, o capítulo III, relativo aos gastos financeiros derivados da xestión da débeda municipal, ascende a 30.000 euros. Así mesmo, o capítulo IV, de transferencias correntes, recolle subvencións, achegas a entidades e colectivos sociais, culturais e deportivos, así como contribucións a organismos e programas de interese público, cun importe próxi-

mo aos 992.000 euros.

En canto ao capítulo VI, de investimentos reais, ascende a 98.090,48 euros e inclúe actuacións puntuais de mellora e reposición de infraestruturas e equipamentos municipais. Por outra parte, o capítulo VII, de transferencias de capital, sitúase en 55.720 euros. Finalmente, o capítulo VIII, de activos financeiros, ascende a 60.000 euros e recolle operacións financeiras como anticipos ao persoal municipal.

Por áreas de gasto, o orzamento de 2026 mantén como eixos prioritarios os servizos públicos básicos, a pro-

tección e promoción social, a educación, a cultura, a sanidade e o deporte, así como actuacións de carácter económico vinculadas á industria, ao comercio e ao turismo.

En termos globais, destínanse 3.967.770,55 euros a servizos públicos básicos (seguridade e mobilidade, vivenda e urbanismo, benestar comunitario e medio ambiente); 3.043.948,13 euros a protección e promoción social (emprego, servizos sociais e promoción social); 4.284.544,70 euros á produción de bens públicos de carácter preferente (sanidade, educación, cultura e

deporte); 802.242,19 euros a actuacións de carácter económico; e 3.926.899,85 euros a actuacións de carácter xeral.

Por programas de gasto, destacan especialmente os servizos sociais e promoción social, con 2.767.810,07 euros; a educación, con 1.291.974,75 euros; a cultura, con 1.894.335,59 euros; e o deporte, con 1.051.316,86 euros.

No ámbito dos servizos básicos, sobresaen o investimento en abastecemento de auga (592.000 euros), saneamento (592.000 euros), recollida de residuos (364.335 euros), xestión de residuos sólidos urbanos (286.699,44 euros), alumeadado público (640.548,46 euros), limpeza viaria (286.699,44 euros), parques e xardíns (127.457,30 euros) e seguridade e orde pública (128.415,39 euros), entre outros.

O BNG denuncia deficiencias no servizo de autobús e esixe solucións

A agrupación local do BNG denunciou unha nova incidencia no servizo de transporte público, “unha demanda que recolle as inxerencias que a propia veciñanza nos fai chegar de forma cotiá”.

Se as retencións de tráfico provocaban atrasos de ata 40 minutos para entrar e saír da vila, a situación empeorou con case unha decena de veciñas que quedaron “tiradas” na estación de autobuses porque o coche da liña Ferrol-Lugo proseguíu a súa marcha sen realizar a parada.

O BNG quere, en primeiro lugar, agradecer ao tecido asociativo local por promover actividades diversas que dinamizan e poñen en valor a vila. Porén, esta situación evidencia a necesidade urxente de demandar tanto ao Concello como á empresa responsable do servizo, Arriva, que se respecte “a dignidade da veciñanza”.

A solución que propoñen é a prevención, transparencia e unha comunicación aberta. Esixirán responsabilidades tanto ao goberno local como á empresa concesionaria para que se poñan en marcha medidas que eviten que situacións como esta.



Juan Gabriel Fernández brillou na proba raíña de saltos das Pontes

Juan Gabriel Fernández con Energy conquistou a proba raíña do Concurso de Saltos Territorial de As Pontes Ecuéstre, a de 1.0 m, namentres que Patricia Alonso con Abigail JGF e Karla Guimarei con AGR Bertín acompañaban ao xinete no podio tras unha emocionantísima competición coa que se clausuraba a cuarta edición do certame.

Tamén pola tarde se celebraba a proba de 0.80 m, na que Lía Couce con Pichona III lograba a primeira posición; Mariana Beceiro tamén con Pichona III, a segunda, e Noa Martínez

con Richi, a terceira praza. O alcalde e presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, presidía a entrega de trofeos, xunto á presidenta do Club Hípico Prado Ventura, Natividad González Laso, e o presidente da Federación Hípica Galega, Federico Pérez Lago. Ademais, o *horseball* regresou ao evento cun espectacular torneo protagonizado por diferentes equipos do Club Hípico La Muralla coa idea de dar visibilidade a esta disciplina, e quen sabe, se xerar afección no territorio.

EN BREVE



EDUCADORA FAMILIAR. O Concello incorpora unha educadora familiar ao departamento de Benestar Social, un reforzo que permitirá ampliar a atención ás familias e consolidar as accións de prevención e intervención socioeducativa que se desenvolven desde os servizos municipais.



OBRADOIRO DE MEMORIA. A concelleira de Benestar Social, Tania Pardo, e a directora do Centro de Información á Muller (CIM), Maca Rego, participaron no acto de clausura e entrega de diplomas dunha nova edición do Obradoiro de Memoria, no que participaron máis dunha vintena de mulleres con idades comprendidas entre os 45 e os 85 anos.



EMPREENDEMENTO. A delegada territorial da Xunta, Martina Aneiros, participou xunto ao director territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, Juan José Couce, na xornada Amas da terra organizada polo Polo de Emprendemento e Apoio ao Emprego de Ferrol, co obxectivo de dinamizar o talento feminino e o emprendemento da muller no eido rural.



Achega de 356.131 euros á Casa do Mel para o novo centro apícola

O presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, e o presidente da Asociación Casa do Mel, Manuel Ferreira, asinaron o convenio de colaboración para facer realidade o novo Centro Apícola e de produtos agroalimentarios en Goente, no concello das Pontes.

A Deputación achega ao un total de 356.131,98 euros, unha cifra que cobre o 80% do custo total da obra. O obxectivo prioritario deste investimento é dar soporte ao crecemento dunha entidade que se converteu nun referente do sector, pasando de algo máis de corenta socios fundadores a superar os catrocentos cincuenta membros na actualidade. A actuación urbanística centrarase nunha nova parcela adquirida pola asociación a moi poucos metros da súa sede actual. O deseño arquitectónico contempla a recuperación e rehabilitación dunha antiga vivenda tradicional de pedra, mentres que nese mesmo espazo erguerase unha nova nave polivalente dotada de tecnoloxía de vangarda adaptada ao século XXI.

O verdadeiro motor deste complexo será a súa capacidade para dinamizar económica e socialmente o me-



dio rural da comarca do Eume. O espazo funcionará como un centro integral para os produtores locais grazas á instalación dunha liña independente de extracción e envasado que operará baixo o selo de calidade Mel de Galicia, o que dotará ao sector de mellores ferramentas lóxicas e de economías de escala para reducir os custos unitarios.

O proxecto tamén inclúe un laboratorio específico de control para garantir a total rastrexabilidade do produto dende a colmea ata o consumidor, un centro de investigación e desenvolvemento alimentario en colaboración directa coa universida-

de, e unha tenda de proximidade enfocada á comercialización directa de mel e outros produtos agroalimentarios de quilómetro cero.

Con esta ampliación, a Casa do Mel reforzará notablemente a súa vertente educativa e turística. O edificio actual reconfigurará o seu uso para consolidarse como o museo central da asociación, mentres que as novas instalacións albergarán aulas-taller preparadas para impartir formación apícola regrada, salas de catas, espazos de degustación e áreas acondicionadas para acoller ao crecente volume de visitantes que recibe a entidade ao ano.

A praia do Lago conta xa con servizo de socorrismo

A praia do Lago dispón xa do servizo de socorrismo operativo, un recurso fundamental para garantir a seguridade das persoas usuarias e favorecer o desfrute responsable deste espazo durante a tempada estival.

O dispositivo permanecerá activo ata o 15 de setembro, en horario de 12:00 a 20:00 horas, todos os días da semana. Durante toda esta franxa horaria, a praia conta con dous socorristas encargados de realizar labores

de vixilancia, prevención e intervención ante posibles incidencias.

A posta en marcha deste servizo supón unha garantía adicional para as centos de persoas que cada verán elixen a praia do Lago como lugar de lecer e baño. Ademais, desde o pasado 1 de xuño, na praia do Lago ondea de novo a Bandeira Azul, un distintivo internacional que recoñece a calidade das augas, a xestión ambiental, a seguridade e os servizos.

Convocadas as axudas para material escolar

O Concello das Pontes destinará 35.000 euros á convocatoria de axudas para a adquisición de material escolar correspondente ao curso 2026-2027, unha iniciativa dirixida a apoiar ás familias do municipio e favorecer a igualdade de oportunidades no acceso á educación.

Poderán acceder a estas axudas o pai, nai ou persoa titora legal do alumnado empadroadado e con residencia efectiva no Concello das Pontes que estea matriculado durante

o curso 2026-2027 en Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, FP Básica, Ciclos Formativos de Grao Medio e Superior ou Conservatorio Profesional de Música.

As contías das axudas varían en función da etapa educativa, establecéndose entres 30 e 140 euros en función do ciclo formativo. As solicitudes poderán presentarse ata o 30 de xullo no Rexistro Xeral do Concello ou a través da sede electrónica.

Inviste en Friol



Bonificación do 95% do custe das licenzas de obra para novas empresas do Polígono e no Casco Urbano de Friol

Regresan as festas de Santa Isabel cun programa de tres días

A localidade de Friol presenta o seu programa para a celebración das súas grandes festas na honra a Santa Isabel, que se desenvolverán durante os vindeiros días 11, 12 e 13 de xullo cunha programación cargada de grandes formacións musicais.

Os festexos arrincarán o sábado 11 de xullo cunha sesión vermú programada para as 14.00 horas da man de Nerea Cobas. Pola noite, a música non parará cunha gran verbena na que farán vibrar ao público Dj Casanova e a orquestra Panorama con Panorama City.

A xornada do domingo 12 de xullo comezará á mesma hora co ritmo e a animación da Charanga Eravisto durante a sesión vermú, mentres que a verbena nocturna correrá a cargo de das orquestras Origen e



New York.

Para rematar esta fin de semana grande, o luns 13 de xullo a sesión vermú das 14.00 horas estará amenizada polo Dúo Son de Festa. O broche de ouro a esta edición porase a partir das 20.00 horas cun gran baile final que contará coas actuacións das orquestras Los Player's e Los Satélites.

Arrancan obras na capitalidade e en numerosos accesos no rural

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas destina 129.000 euros a acondicionar a estrada autonómica LU-934 ao seu paso por Friol, nun treito de case un quilómetro que abrangue a travesía da localidade.

A intervención desenvólvese na zona urbana, no tramo delimitado polas glorietas situadas nos puntos quilométricos 0+700 a 1+680. Realizouse o fresado do pavimento en ambos carrís de circulación e executouse unha nova capa de rodaxe con mestura asfáltica en quente, incluídas as dúas rotondas.

No relativo ás marcas viarias, renováronse nun treito máis amplo, dende o principio da estrada (pq 0+000) no acceso á localidade de Friol, o que comprende conxuntamente as avenidas de Lugo e Santiago.

As obras foron financiadas con cargo ao contrato de mantemento das estradas da zona norte da provincia. Tamén deron comezo as obras de rexeneración integral do pavimento na Avenida de Santiago, unha actuación promovida pola Xunta de Galicia que permitirá mellorar o estado xeral desta importante vía do municipio.

Ademais, aprobáronse varios paquetes de obras na zona rural. Unha delas é a mellora viaria nos accesos aos núcleos de Busto e A Covariza, situados na parroquia de Silvela, cun investimento de case 214.000 euros. O proxecto estará financiado integramente pola Xunta de Galicia.



As obras consistirán na execución de traballos de movemento de terras, drenaxes e realización de firmes, actuacións necesarias para acondicionar estas vías, que actualmente presentan un estado de conservación deficiente debido ao paso do tempo e ao uso continuado.

Tamén foron adxudicados os contratos para a execución de nove importantes actuacións de mellora da rede viaria municipal, cun investimento global próximo aos 350.000 euros financiados con cargo ao Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos (Plan Único) 2026. As obras permitirán actuar en diferentes parroquias do municipio mediante traballos de pavimentación, mellora de firmes, hormigonado de vías e acondicionamento dun camiño agrícola, co obxectivo de reforzar as infraestruturas locais e garantir comunicacións máis seguras e cómodas para a veciñanza.

Entre as actuacións previstas figura a

pavimentación do acceso ao núcleo de Cotá, cun investimento de preto de 36.000 euros. Tamén se acometerá a pavimentación dos accesos aos núcleos de Santa Marta, O Vento e Pereira, na parroquia de Vilalvite, por un importe superior aos 47.000 euros. A estas obras súmase a pavimentación dos accesos ao núcleo de Mazcarelle, na parroquia de Ousá, cun orzamento de máis de 48.000 euros, así como a pavimentación do núcleo de Lagouzos, na parroquia de Cotá, cun investimento próximo aos 42.000 euros. Estas catro actuacións foron adxudicadas á empresa Construcciones Cholo, S.L.

Por outra banda, tamén se levarán a cabo varias actuacións centradas na mellora de firmes. Entre elas atópase a mellora do firme dos accesos ao núcleo rural de Xiá, en Enxeito e Carballo, Guldriz de Arriba e os seus ramais, Arriba (Condes) e a mellora do camiño agrícola que comunica os núcleos de Prado e Casanova.

EN BREVE



OLIMPIADAS. III Olimpíadas Rurais de Galicia puxeron o punto e final a unha intensa fin de semana de deporte tradicional, convivencia e festa en Friol, que reuniu arredor de 400 participantes distribuídos en 20 equipos chegados de distintos puntos da comunidade. A competición concluíu coa vitoria do equipo friolés Os Trasjalaicos, que se impuxo na clasificación final por diante dos lucenses Celtas Porcos, segundos clasificados, e de Terra Loba, tamén de Friol, que completou o podio.



MEDIO AMBIENTE. A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, salientou a concienciación ambiental como ferramenta clave para promover hábitos responsables e mellorar a separación de residuos de cara a avanzar cara a un modelo de economía circular e garantir a preservación da nosa riqueza ambiental. Presentou a campaña Coidar do noso —promovida pola Xunta e Ecoembes— que ten o obxectivo de sensibilizar a cidadanía de que unha correcta separación dos refugalllos nos fogares.

O Concello destina máis dun millón de euros a servizos sociais

Os Servizos Sociais do Concello de Friol rexistraron esta semana a solicitude número 1.000 relacionada co sistema de atención á dependencia, un dato que evidencia a importancia deste servizo para a veciñanza e o incremento das necesidades de atención e apoio ás persoas dependentes e ás súas familias.

Este fito prodúcese cando se cumpren 19 anos da aprobación da Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia, unha normativa que marcou un antes e un despois no recoñecemento dos dereitos das persoas que precisan asistencia para desenvolver as actividades básicas da vida diaria”, subliña o alcalde.

Ao longo destes anos, o Concello de Friol, a través dos seus Servizos Sociais, vén desempeñando un pa-

pel fundamental na información, asesoramento e tramitación das solicitudes, acompañando ás familias durante todo o proceso e facilitando o acceso aos distintos recursos e prestacións contemplados pola normativa.

O alcalde de Friol, José Ángel Santos, destacou que “alcanzar as 1.000 solicitudes de dependencia demostra a relevancia que teñen os Servizos Sociais na vida diaria dos nosos veciños e veciñas e a necesidade de seguir reforzando a atención ás persoas que máis o precisan”.

Neste sentido, o rexedor lembrou o importante esforzo económico que realiza o Concello nesta materia, xa que durante o presente exercicio destinará máis dun millón de euros aos Servizos Sociais municipais, unha cifra histórica para unha administra-

ción local das dimensións de Friol e que reflicte a clara prioridade que o Goberno municipal concede ás políticas de benestar social.

“Falamos dun investimento moi significativo que nos permite manter e mellorar servizos esenciais para as persoas maiores, dependentes, familias e colectivos vulnerables. O noso compromiso é seguir destinando os recursos necesarios para garantir unha atención próxima, eficaz e de calidade”, sinalou Santos.

Desde o Concello tamén se quixo recoñecer o labor desenvolvido polo persoal dos Servizos Sociais, cuxa profesionalidade e dedicación resultan fundamentais para dar resposta ás necesidades da poboación e para tramitar con axilidade os expedientes relacionados coa dependencia e outras prestacións sociais.

A Xunta investirá no museo do queixo e nunha nova biblioteca

O Concello de Friol continúa avanzando no seu compromiso coa mellora dos servizos públicos, a promoción da cultura e o desenvolvemento do rural mediante a posta en marcha de dous importantes proxectos que contan co apoio da Xunta de Galicia e que permitirán mobilizar un investimento de máis dun millón de euros no municipio.

O Pleno municipal deu luz verde aos trámites necesarios para a execución da futura Biblioteca Municipal e do Museo do Queixo e Pan de Ousá, unha iniciativa impulsada polo Concello de Friol coa finalidade de crear un novo espazo cultural de referencia e contribuír á conservación e difusión dun dos principais sinais de identidade do municipio.

O proxecto contará cun investimento total de 342.970,16 euros, dos que a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, achegará 300.000 euros, asumindo o Concello a parte restante do financiamento.

O alcalde destacou que “este é un proxecto moi importante para Friol porque nace da vontade do Concello de seguir ampliando e mellorando a oferta cultural do municipio ao mes-

mo tempo que poñemos en valor a nosa historia, as nosas tradicións e dous produtos que levan o nome de Friol por toda Galicia, como son o queixo e o pan”.

Agradeceu expresamente o respaldo da Xunta de Galicia, sinalando que “a colaboración institucional é fundamental para que os concellos poidamos transformar proxectos en realidade. Neste caso, o apoio da Xunta permite facer posible unha actuación estratéxica para o noso futuro cultural, turístico e patrimonial”. Xunto a esta actuación, o Concello de Friol impulsará tamén a execución das obras de abastecemento de auga á parroquia de Seixón, unha actuación moi demandada pola veciñanza e que suporá un investimento de 622.557 euros.

Este proxecto desenvolverase mediante un convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Friol, no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027, cofinanciado pola Unión Europea. A Xunta de Galicia asumirá o 80 % do investimento, mentres que o Concello de Friol achegará o 20 % restante, demostrando unha vez máis o seu compromiso coa mellora das infraestruturas

e dos servizos básicos no rural.

“O noso obxectivo é seguir levando investimentos a todas as parroquias de Friol e mellorar a calidade de vida dos nosos veciños e veciñas. O abastecemento de auga é un servizo esencial e esta actuación permitirá ofrecer maiores garantías, maior capacidade e un servizo de máis calidade para a poboación de Seixón”, explicou o alcalde.

O rexedor destacou ademais o esforzo económico realizado polo Concello para facer realidade esta actuación, sinalando que “a pesar do importante investimento municipal que supón asumir o 20 % do custo da obra, consideramos que se trata dunha actuación prioritaria e necesaria para o futuro da parroquia e para seguir mellorando os servizos que prestamos á cidadanía”.

Así mesmo, agradeceu a colaboración da Xunta de Galicia e de Augas de Galicia, indicando que “cando as administracións traballan de maneira coordinada, os proxectos saen adiante e os beneficiados son os veciños. Este convenio permitirá executar unha actuación moi importante para Seixón e para o conxunto do municipio”.



A Deputación vende unha nova parcela no polígono da Gándara

A presidenta da Deputación de Lugo, Carmela López, vén de asinar este venres na Sala de Xuntas do Pazo de San Marcos e ante notario, a compra dunha nova parcela no polígono da Gándara, no concello de Friol.

Trátase da parcela número 13 que foi vendida a Inés Castelo García por un importe de 33.412,44€. Deste xeito, a día de hoxe a institución provincial ten vendidas neste polígono 31 parcelas, das 55 existentes, quedando libres outras 24. Nese sentido, Carmela López recordou que “coa formalización desta venta superamos o 55 % de

ocupación deste parque empresarial friolés, o que favorece directamente a actividade económica neste municipio e en todo o conxunto da provincia”.

A mandataria provincial recordou ademais que “o Polígono da Gándara conta cunha superficie total de arredor de 91.000 metros cadrados de solo urbano industrial” e fixo especial fincapé en que “estamos a falar dun espazo estratéxico para o desenvolvemento económico e industrial da comarca, pola súa situación privilexiada, preto da cidade de Lugo e ben comunicada con outros puntos da provincia”.

SERÁNS

con son



Concello de Vilalba

do 2 de xullo ao 11 de agosto

XOVES 9 DE XULLO  TERRAE & NASTASIA ZÜRCHER	XOVES 16 DE XULLO  CÉSAR DE CENTI	XOVES 23 DE XULLO  SILVIA PENIDE	XOVES 30 DE XULLO  BELA & CHARLO	XOVES 6 DE AGOSTO  LA DISQUETERA	MARTES 11 DE AGOSTO  DJ MR. FISHMAN
--	--	--	---	---	--

MÚSICA E BO AMBIENTE...ESTE VERÁN O PLAN ESTÁ EN VILALBA!

NA ALAMEDA BASANTA OLANO A PARTIR DAS 20:30

COLABORA:



FRIOL: José Ángel Santos Sánchez

“Quero que os mozos teñan futuro aquí e que Friol siga a ser un referente na provincia”

O alcalde de Friol desenvolve a súa terceira lexislatura sendo un dos alcaldes máis votados de Galicia, xa que a oposición só ten un concelleiro

Explíquenos un pouco como se iniciou na política e como se vinculou ao seu partido.

Inicieime na política no ano 2007, sendo moi novo e coa ilusión de traballar polo meu concello. Sempre estiven moi ligado ao rural, ao sector agrogandeiro e ás necesidades da nosa xente. Por aquel entón o anterior alcalde, Antonio Muiña e o seu equipo do Partido Popular ofreceume a oportunidade de participar nun proxecto no que me sentía identificado e desde entón fun asumindo distintas responsabilidades.

Como deu o salto ou recibiu o impulso para ser alcalde?

Foi un proceso natural. Primeiro fun concelleiro de Medio Rural, despois de Obras e máis tarde tenente de alcalde. Esas responsabilidades permitíronme coñecer cada parroquia e cada problema do municipio. En 2015 recibín a confianza do partido e dos veciños para encabezar a candidatura e converterme en alcalde.

“Necesitamos seguir creando oportunidades para que a xente nova poida desenvolver aquí o seu proxecto de vida”

A nivel persoal, que sacrificios supón formar parte do Goberno do Concello?

Supón renunciar a moitas horas de descanso e de vida familiar. Ser alcalde nun concello como Friol significa estar dispoñible practicamente as 24 horas do día para atender as necesidades dos veciños.

E beneficios?

O beneficio máis grande é ver que

o traballo dá resultado. Cando un proxecto se converte nunha realidade ou cando un veciño che transmite o seu agradecemento, todo o esforzo paga a pena.

Como equilibra a vida pública e a privada?

Non sempre é fácil. Ademais da alcaldía sigo vinculado á miña explotación gandeira, polo que a organización e contar cun bo equipo son fundamentais para poder compaxinar ambas responsabilidades. Cales son os seus obxectivos a nivel político?

Seguir defendendo o rural e demostrar que vivir e emprender nun concello como Friol é unha oportunidade. Quero que os mozos teñan futuro aquí e que Friol continúe sendo un referente na provincia.

E se renova na Alcaldía, cales son as principais actuacións previstas?

Continuar impulsando o desenvolvemento económico, mellorar infraestruturas e servizos, seguir apoiando o sector primario e consolidar proxectos sociais e asistenciais que están chamados a marcar un antes e un despois no municipio.

Cales son as principais liñas do seu programa?

Emprego, apoio ás empresas e aos autónomos, mellora das comunicacións, servizos para as familias, atención aos maiores e políticas que favorezan a fixación de poboación.

Cales considera que son as principais necesidades no seu concello?

A principal batalla segue sendo o reto demográfico. Necesitamos seguir creando oportunidades para que a xente nova poida desenvolver aquí o seu proxecto de vida.

De que proxectos se sente máis orgulloso?

É difícil escoller un só. Destacaría o impulso ao polígono industrial, as iniciativas pioneiras de apoio ao sector agrogandeiro, os servizos de



DATOS

HABITANTES: 3.616
PARROQUIAS: 32
EXTENSIÓN: 295 km cadrados
PARTIDO XUDICIAL: Lugo
CORPORACIÓN: 10 concelleiros do PP e 1 do PSOE
PARTIDO XUDICIAL: Lugo
ALCALDE: José Ángel Santos (Partido Popular)
VOCEIRA PSOE: Ana María Pardo Lourenzo

conciliación familiar, o complexo fluvial e o Centro de Atención Integral para Persoas con Autismo, e outros que están de camiño.

“Ser alcalde nun concello como Friol significa estar dispoñible as 24 horas do día para atender as necesidades dos veciños”

Que lle gustaría que os veciños visen en vostede como alcalde?

Un alcalde próximo, accesible e traballador. Alguén que coñece a realidade do municipio porque a vive día a día e que intenta resolver os problemas con sentido común.

Como é a súa relación coa oposición?

Desde o respecto institucional. Cada un defende as súas ideas, pero creo que todos debemos ter como prioridade os intereses de Friol por riba das diferenzas políticas.



EN CLAVE PERSOAL

- **Idade, estado civil e familiar**
Teño 45 anos, casado con dous fillos, sendo a familia un dos piares fundamentais da miña vida
- **Profesión e formación**
Técnico capataz agrícola e gandeiro de profesión
- **E si non fora gandeiro, que lle gustaría ser?**
Gandeiro, porque é a miña vocación
- **Que quería ser de maior**
Sempre me gustou o mundo rural e a agricultura
- **Que fai para desconectar?**
Pasar tempo coa familia e atender a explotación
- **Unha virtude e un defecto**
Aínda que tivera algunha, creo que non son o indicado para dicir as miñas virtudes, son bastante constante e demasiado perfeccionista
- **Un consello para compartir**
Traballar con humildade e escoitar sempre aos demais
- **Un libro, unha película ou/e un grupo de música/cantante**
A música tradicional galega en xeral
- **Unha afección**
O mundo rural e a gandería
- **Un lugar que visitar**
Galicia, porque temos un patrimonio único
- **Unha comida e unha bebida**
Queixo e Pan de Friol con un Mencía
- **Unha persoa admirada**
As persoas que, sen facer ruído, traballan cada día polos demais
- **Unha posesión prezada**
A miña familia
- **Un desexo**
Que Friol siga medrando e tendo futuro
- **Algo para esquecer**
Os momentos difíciles que afectaron ás familias do meu concello
- **Que é o que máis valora nunha persoa?**
A honestidade e a palabra dada
- **Un desafío pendente**
Seguir xerando oportunidades para as novas xeracións no rural
- **Onde se ve en cinco anos?**
Gandeiro e traballando con ilusión polo futuro de Friol, desde a responsabilidade que naquel momento me toque asumir

Continúan os traballos de mellora en varias vías das parroquias

O Concello de Abadín iniciou os traballos de aglomerado asfáltico en A Carballeira, na parroquia da Graña, unha actuación orientada á mellora da rede viaria municipal e ao reforzo da seguridade na circulación para a veciñanza.

As obras permitiron acondicionar e renovar o firme desta vía, mellorando as condicións de tránsito e favorecendo unha comunicación máis cómoda e segura para os usuarios que empregan habitualmente este tramo.

Desde o Goberno local destacan que esta intervención forma parte das actuacións que o Concello vén desenvolvendo para conservar e mellorar as infraestruturas municipais, dando resposta ás necesidades trasladadas pola veciñanza e apostando por un rural máis accesible e con mellores servizos.

Ademais, continúa avanzando no seu plan de pavimentación de camiños mediante aglomerado asfáltico, unha iniciativa destinada a reforzar a seguridade viaria, mellorar a accesibilidade e optimizar as comunicacións nas distintas parroquias do municipio.

Executáronse actuacións no acceso aos Caseiros, na parroquia de Barancelle, así como no acceso á Igrexa das Goas. Estas intervencións permitirán facilitar os desprazamentos da veciñanza e mellorar a conexión con espazos de especial relevancia para a vida diaria do concello.

As obras están a ser levadas a cabo pola empresa Construcciones Cholo.

OUTRAS ESTRADAS. O Concello continúa desenvolvendo traballos de mellora da rede viaria municipal



mediante a pavimentación con aglomerado asfáltico en distintos puntos do municipio, co obxectivo de reforzar a seguridade, a accesibilidade e a comodidade das comunicacións para a veciñanza.

Centráronse no acceso a Butarreira, na parroquia das Goas, no acceso situado en Candia e no acceso a Toxal, na parroquia de Fanoi. Estas intervencións permiten mellorar o estado das vías municipais, facilitando os desprazamentos diarios dos residentes e contribuíndo á conservación e modernización das infraestruturas do rural.

OBRAS DA DEPUTACION. A Deputación de Lugo vén de iniciar en Abadín as obras para rehabilitar a práctica totalidade do trazado da LU-P-0108, que é a estrada que comunica os núcleos de Foxas e Canteirada. A institución provincial inviste máis de 300.000€ nun proxecto que acondicionará do punto quilométrico 0,675 ao 6,245.

Trátase dunha vía fundamental para a mobilidade interna do muni-

pio, porque enlaza ademais ambos puntos coa estrada nacional N-634. Unha infraestrutura esencial dos desprazamentos diarios da veciñanza, porque dá acceso ás explotacións agrogandeiras da zona e conecta coa rede viaria principal.

Os traballos comezaron coa reapertura de cunetas para a mellora da drenaxe, e inclúen tamén o acondicionamento do firme co estendido de aglomerado en quente e a reposición da sinalización vertical e horizontal.

Esta actuación forma parte do compromiso da Deputación coa mobilidade da provincia. O Goberno provincial entende que as comunicacións son unha ferramenta clave para apoiar a actividade económica, especialmente no sector agrogandeiro, forestal e turístico.

A rede de estradas da Deputación é unha das máis extensas de España, con máis de 4.200 quilómetros, polo que o seu mantemento resulta estratéxico para vertebrar o conxunto da provincia.



Iníciase na vila o proxecto 'Saberes do Monte'

Abadín acolleu a primeira reunión de traballo do proxecto *Saberes do Monte*, unha iniciativa orientada á conservación e restauración de hábitats de alto valor ecolóxico en cinco áreas de montaña de Galicia, entre as que se atopa a Serra do Xistral.

O proxecto ten como obxectivo impulsar a protección do patrimonio natural a través do apoio a actividades tradicionais vinculadas ao territorio, como a gandería extensiva, o manexo tradicional dos cabalos en

liberdade, a apicultura e o ecoturismo. Estas prácticas considéranse fundamentais tanto para o desenvolvemento sostible do medio rural como para a conservación de espazos naturais de gran relevancia, entre eles os queirogais, as turbeiras, os prados e os bosques autóctonos. Durante o encontro presentáronse as entidades socias que forman parte da iniciativa: a Fundación Juana de Vega, a USC, a UDC e a Asociación Galega de Custodia do Territorio.

RUMBOIA VIVA



O Campo da Feira de Gontán, en Abadín, converteuse nun gran punto de encontro para a música, a cultura e o lecer coa celebración do IV Rumboia Viva, unha edición que reuniu centos de persoas e que confirmou o crecemento e a consolidación deste festival como unha das citas máis destacadas do verán na Terra Chá.



FESTAS EN CASTRO DE REI 10-11-12 DE XULLO

Venres 10

CHURRASCADA POPULAR • 22:00 h

Verbena con: DJ MIGUEL CENDO e ORQUESTRA SAUDADE

Sábado 11

Misa solemne na igrexa parroquial • 13:30 h

Sesión vermú coa ORQUESTRA ALABAMA

Á noite gran verbena coa ORQUESTRA ALABAMA e DÚO ÉLITE

Domingo 12

Misa solemne e procesión no campo da Festa • 13:30 h

Sesión vermú a cargo do GRUPO FUXSION LATINA

*Haberá colchoneta gratis para os nenos os tres días

“Este proxecto non vai de siglas, vai de persoas e de traballo”

Montserrat Casanova foi elixida secretaria xeral do PSdeG en Pastoriza

A Asemblea Extraordinaria da agrupación socialista da Pastoriza acordou a elección e constitución da nova Comisión Executiva Municipal, abrindo unha nova etapa no PSdeG local marcada pola renovación e o reforzo da súa estrutura orgánica de cara aos próximos retos políticos.

A militancia elixiu a Montserrat Casanova como nova secretaria xeral da agrupación e tamén como nova voceira socialista no Concello da Pastoriza. O seu nomeamento prodúcese tras a saída da Corporación municipal de Constantino Fernández Leira, quen oficializou a súa dimisión por motivos persoais relacionados cunha enfermidade que lle obriga a afastarse da primeira liña da política local.

Desde o PSdeG destacan que este proceso contribúe á normalización da agrupación no municipio e supón unha aposta de futuro para consolidar un proxecto político sólido con vistas ás eleccións municipais de 2027. Casanova asume a responsabilidade coa intención de reforzar a presenza socialista no concello, ampliar a participación da militancia e traballar para recuperar a alcaldía.

A nova executiva contará con Primitivo Iglesias Sierra como secretario de Organización e con José Corral Cabado á fronte da Secretaría de Política Veciñal.

A nova dirección combinará a experiencia acumulada durante anos polos anteriores equipos socialistas coa incorporación de novas persoas e iniciativas para o muni-

cipio. Neste sentido, a agrupación destaca o legado de traballo desenvolvido durante as etapas de goberno socialista e aposta por construír unha alternativa centrada nas necesidades da veciñanza.

A marcha de Fernández Leira pon fin a unha longa traxectoria na política municipal. O edil ocupaba actualmente a portavocía do grupo socialista e formara parte do equipo de goberno nas lexislaturas nas que PSOE e BNG compartiron responsabilidades municipais. A súa renuncia abre paso a unha nova etapa na representación socialista no Concello, encabezada agora por Montserrat Casanova.

A súa elección para dirixir o PSOE na Pastoriza implica moitos cambios na lista inicial. Como foi o proceso?

O meu nomeamento forma parte dunha decisión de equipo e feita dende a ilusión. Temos a oportunidade da renovación e renovarse non só é cambiar caras, é incorporar compañeiros novos con ganas de traballar, cun compromiso verdadeiro e firme para darlle un novo aire ao concello. Asumo a responsabilidade con toda a seriedade que merece.

Que obxectivos ten para as próximas eleccións?

Tentaremos recuperar a Alcaldía. Pero non só como fin, senón como instrumento para transformar Pastoriza, queremos ser a alternativa que poña Pastoriza en marcha e non só promesas. Propoño reforzar a agrupación, abrir o partido á participación cidadá e confeccio-

nar un programa que responda ás necesidades reais do municipio. Facelo con rigor, proximidade e honestidade.

Xa ten unha lista ou aínda está en formación?

Queremos unha lista que represente a veciñanza de Pastoriza: persoas comprometidas e con arraigo no municipio. Non interesa cubrir postos, interesa construír un equipo que pise as rúas e que coñeza os problemas de cada parroquia para gobernar con sabedoría. Cando estea rematada, presentáremola con orgullo.

Como se vinculou á política e ao partido?

Traballo en Pastoriza dende o ano 1997, dende o 2012 son unha veciña máis do concello. O meu compromiso con Pastoriza vén do día a día co meu traballo, coa miña familia e coa miña xente. Hoxe síntome máis preparada e máis libre que nunca para dar este paso.

Como ve ao seu concello?

Sei que é un concello con moito potencial co noso campo e a nosa xente, aínda que ao mesmo tempo ten moitas carencias. Desexamos un concello autosuficiente para que os nosos veciños e veciñas e aqueles que veñen traballar poidan vivir e abastecerse nel. Creo que Pastoriza se merece moito máis do que ten e estou convencida de que con vontade política e un bo equipo é posible cambiar as cousas.

Pastoriza leva moitos anos repetindo resultados electorais. Ve posible un cambio de tendencia?



Creo firmemente que é posible. A veciñanza está cansa do inmovilismo. Eu, como veciña do concello, quero alternativas reais e o traballo do noso equipo é demostrar que temos un proxecto sólido. O cambio non vai vir só: hai que pelexalo porta a porta e, sobre todo, escoitar.

Sobre que eixos vai fundamentar o programa?

Un dos nosos grandes obxectivos é frear a despoboación. Temos que fixar poboación e dinamizar a economía. Queremos que o noso concello medre e para iso necesitamos xerar oportunidades reais. Pero non menos importante consideramos o eixo social: o benestar é un pilar básico, especialmente nun concello con dispersión poboacional. Tampouco queremos deixar de lado o eixo de infraestruturas e servizos básicos. E por suposto hai que prestar especial atención á cultura, aos deportes e ao patrimonio. Todo isto sen esquecer a

transparencia, a xestión e a participación cidadá.

Ve posible reeditar o pacto PSOE-BNG se os resultados volven ser favorables para iso?

O fin sempre debe ser gobernar para o ben do pobo. Os pactos son instrumentos de goberno que, se serven para acadar ese fin, son eficaces. A nosa disposición vai ser dialogar con aquelas forzas progresistas que compartan o modelo de cambio que precisamos en Pastoriza.

Que lle diría aos seus veciños?

Para rematar gustárame dicir que este proxecto non vai de siglas, vai de persoas e de traballo. Saio con moitísima ilusión, cun equipo a medio conformar pero xa estupendo e co convencemento absoluto de que Pastoriza ten moito futuro. Aproveito para convidar a todos os veciños e veciñas a que se sumen a este cambio porque entre todos podemos darlle ao noso concello o impulso que merece.

LISTA VERMELLA



A igrexa de Santo André de Loboso foi incorporada recentemente á Lista Vermella do Patrimonio elaborada por Hispania Nostra, un rexistro que reúne bens culturais que se atopan en risco de desaparición ou sofren un avanzado proceso de deterioración. Responde ao seu estado de abandono e á progresiva degradación que vén padecendo desde hai décadas.

Melloran o campo de fútbol cun acceso á cantina e seis pantallas

O Concello de Pastoriza continúa coa mellora das instalacións deportivas mediante a execución de actuacións no campo de fútbol. Os traballos consistiron na adecuación do acceso á cantina e na instalación de seis novas pantallas LED destinadas ao sistema de iluminación do recinto. Segundo a información facilitada polo Concello, as actuacións foron realizadas por traballadores municipais e desenvólvense ao longo de dúas semanas. O investimento destinado a estas melloras supera os 3.000 euros.

A intervención permitiu habilitar un

acceso máis cómodo e accesible á zona da cantina, ao tempo que se reforzou o sistema de alumado do campo coa colocación das novas pantallas LED, co obxectivo de mellorar as condicións de uso das instalacións tanto para deportistas como para afeccionados.

FONMIÑÁ. Por outra banda, a Deputación de Lugo vén de iniciar o estendido do aglomerado en quente na estrada provincial LU-P-3006, que comunica os municipios da Pastoriza e Meira por Fonmiñá. Os traballos desenvolveranse nun tramo de

máis de 800 metros, entre o límite co concello meirego e o lugar de San Miguel, na parroquia de Fonmiñá, co obxectivo de reforzar a seguridade e a comodidade da circulación. Trátase dunha estrada moi importante para a veciñanza de ambos municipios, porque conecta a N-640 - á altura da Pena- e a LU-122, unha estrada fundamental para a conexión da Chaira coa Mariña. Ademais dá servizo a explotacións gandeiras, conecta co polígono industrial de Meira, no que se atopan establecementos hostaleiros e diferentes negocios, e dá acceso ao centro de saúde.

Destinarán 700.000 euros do orzamento a investimentos

O Concello contará en 2026 cun orzamento de 5.435.265,51 euros, aprobado en pleno co apoio do equipo de goberno e a abstención dos grupos da oposición. As contas municipais contemplan un importante esforzo investidor, cunha partida que alcanza os 696.865,62 euros para a execución de diferentes actuacións en infraestruturas, servizos e equipamentos públicos.

Segundo explicou o alcalde, Francisco Balado, unha parte destacada dos investimentos destinarase á mellora da accesibilidade, a sinalización e a xestión de residuos no conxunto histórico e artístico do municipio, cun investimento próximo aos 163.000 euros e unha achega de 100.000 euros procedente de Agader.

O orzamento tamén reserva arredor de 220.000 euros para dous proxectos de mellora viaria en diferentes

parroquias do concello, financiados parcialmente pola Deputación de Lugo. As actuacións desenvolveranse en núcleos como Prevesos, Castro de Rei, Santa Locaia, Bazar, Outeiro, Ramil, Ansemar, Loentia, Orizón, Duarría e Mondriz.

Entre as obras previstas figura tamén o acondicionamento de beirarrúas na Praza de Galicia, cun investimento superior aos 54.000 euros, así como a reparación da Ponte do Muíño de Reguntille, actuación que contará con apoio provincial.

As contas municipais inclúen ademais partidas para mellorar os accesos e a sinalización en distintos núcleos rurais, ampliar a rede de abastecemento de auga en Mondriz, Viladonga e Triabá, e renovar o alumeadado público mediante a instalación de 51 luminarias LED e oito novos puntos de luz en Ponte de Ou-

teiro e Bazar.

Tamén destinará fondos á adquisición de camas xerátricas para a residencia San Xoán e á mellora do parque infantil de Castro, entre outras actuacións previstas para o exercicio. No apartado de transferencias correntes, o orzamento recolle máis de 800.000 euros destinados á escola infantil, á atención á dependencia e ao Servizo de Axuda no Fogar. Desta cantidade, máis de 700.000 euros proceden da Xunta de Galicia para programas relacionados coa dependencia e a escola infantil, mentres que a Deputación achega recursos para o SAF básico e outros servizos.

O alcalde destacou a ausencia de débeda municipal e a existencia dun equilibrio orzamentario, aínda que advertiu da necesidade de revisar algunhas taxas municipais.

Castro de Rei prepárase para celebrar as festas

Castro de Rei acollerá os vindeiros días 10, 11 e 12 de xullo as tradicionais festas na honra a San Xoán, cunha programación ampla e para todos os públicos, organizada coa colaboración da veciñanza e distintas entidades locais.

As celebracións darán comezo o venres 10 de xullo, cunha gran churrascada popular ás 22.00 horas, na que se prevé unha alta participación. A velada estará amenizada polo Dj Miguel Cendoí, recoñecido pola súa animación musical, e a actuación da orquestra Saudade, que completará unha noite festiva na que non faltará o baile nin a música ata altas horas.

O sábado 11, a programación comezará coa tradicional misa solemne ás 13.30 horas, seguida dunha sesión vermú a cargo da Orquestra

Alabama, que tamén será a encargada da verbena nocturna, compartindo escenario co coñecido dúo Élite.

O broche de ouro chegará o domingo 12 de xullo, cunha nova xornada de celebración que incluírá misa solemne e procesión ás 13.30 horas, seguida dunha sesión vermú e verbena a cargo da espectacular Fuxsion Latina, que porá o punto final a tres días de festa, tradición e encontro comunitario.

A xornada festiva contará os tres días con colchonetas gratis para os máis pequenos.

Dende o Concello e a organización convidan a toda a poboación e visitantes a participar e desfrutar dunhas festas que combinan tradición, música e bo ambiente, mantendo vivo o espírito de San Xoán no corazón da Terra Chá.



Avanzan os trámites da reestruturación parcelaria de Viladonga

A directora xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería do Medio Rural, Paz Rodríguez, participou hoxe na entrega de boletíns das bases de reestruturación parcelaria de Viladonga, no concello de Castro de Rei, aos titulares dos terreos que abrangue, nun acto no que tamén estivo presente o alcalde, Francisco Balado. Este é un trámite necesario para continuar con este proceso, de maneira que, ademais de facilitarlles a documentación cos datos sobre as parcelas, informouse aos veciños sobre os prazos e materias susceptibles de

seren recorridas en alzada, de ser o caso, así como doutras cuestións de interese. Ademais, explicouse aos propietarios que se aprobaron as bases de reestruturación parcelaria e o plan de ordenación de predios de especial vocación agraria (Popeva). Na provincia de Lugo, esta é a segunda zona na que se aprobaron bases este ano, despois da de Riomol, en Castrovirre. A parcelaria de Viladonga comprende un total de 824 parcelas, correspondentes a 143 propietarios, e abrangue unha superficie de máis de 550 hectáreas.



Castro de Rei mellora a accesibilidade ao centro de saúde da capitalidade

O Goberno local executa obras de mellora de accesibilidade nos accesos ao Centro de Saúde de Castro de Rei por importe de 27.510,96 euros con cargo a unha subvención da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, por importe de 14.756,87 euros.

As obras consisten na nivelación e ampliación da pavimentación na parte frontal do edificio, deixando os dous accesos á mesma cota, pavimentación accesible dende a parte baixa da parcela e nova exe-

cución de dous chanzos na parte alta con varanda de acceso ás instalacións.

O obxectivo é facilitar os accesos dende as beirarrúas, prevendo a aparición de dúas pequenas zonas para futuro axardinamento en contacto coa beirarrúa existente, obras que supoñen unha mellora respecto da situación existente na que a accesibilidade se producía a través dun chanzo, e con unha pavimentación de diversos materiais que se atopaban nun estado de deterioro.

Volve o Critérium Aeronáutico de Galicia a Rozas

O XVIII Critérium Aeronáutico de Galicia e a 40 edición da Volta Aérea a Galicia organizados polo Real Aeroclub de Lugo no aeródromo de Rozas, no Concello de Castro de Rei, reunirán reunirá os días 11 e 12 a profesionais e afeccionados ao mundo da aviación cunha ampla oferta de actividades abertas ao público.

Unha vez máis, ofrecerá unha gran variedade de propostas pensadas para achegar a aviación a toda a cidadanía. O acceso ao aeródromo será completamente gratuito e o horario das actividades estará comprendido entre as 10:00 e as 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas.

Entre as propostas figuran voos en avións acrobáticos, voos de iniciación, unha exposición de Indra e unha mostra de aeronaves históricas e actuais, así como de aeronaves non tripuladas, aeromodelismo e distintos elementos vinculados ao sector aeronáutico. O público tamén poderá coñecer os proxectos desenvolvidos polo ciclo de Aeromecánica do CIPF As Mercedes e desfrutar dun simulador de voo gratuito e de inchables infantís.

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas

Transformaciones agrarias
Desbroces y plantaciones de montes
Servicio de podas

San Lorenzo de Árbol, 13, 27800 Vilaalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138

SERVICIOS AGROFORESTALES
SEOANE

O gato con botas

zapatería
C/ Plácida Peña, 8 - Bajo
27800 Vilaalba (Lugo)
Telf. 982516150

EN BREVE

FESTIVAL DE CINE. A asociación Xermolos e os veciños de Roca organizan unha nova edición, a XIII do concurso de curtametraxes do Festival de cine de música de Roca, que vai ter lugar entre os días 17 ao 19 de setembro na aldea de Roca, en Guitiriz. O prazo de presentación está limitado ao 13 de xullo. Entre as obras recibidas farase unha preselección polo comité do festival para decidir se finalmente é elixida para competir polo premio.



CRUZ VERMELLA. Cruz Vermella distinguiu ao voluntario lucense Víctor Pollán coa Medalla de Prata á Acción Voluntaria, un dos máximos recoñecementos que a Organización concede ás persoas que destacan polo seu compromiso, dedicación e traxectoria ao servizo dos demais.

ESCOLAS DEPORTIVAS. O Concello ten aberto o prazo de inscrición nas Escolas Deportivas Municipais para o curso 2026/2027. O período de matrícula pechará o 31 de xullo, e poderá formalizarse de forma presencial na Casa Consistorial, en horario de 8:30 a 14:30 horas, ou a través da Sede electrónica municipal. Este ano incorporan baloncesto entre as ofertadas.



CEIP LAGOSTELLE. A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, Judith Fernández, visitou o Colexio Plurilingüe Lagostelle para coñecer o funcionamento do proxecto Avatares, unha iniciativa pedagóxica pioneira impulsada pola Xunta e a USC para mellorar a atención educativa do alumnado con enfermidades crónicas ou de longa duración mediante o uso de robots.

AULA CEMIT. A Aula CeMIT do Concello de Guitiriz desenvolverá este mes un programa de actividades que inclúe varios obradoiros gratuítos con prazas limitadas. A primeira das propostas xa está en marcha e a segunda será os días 15, 16 e 17 de xullo, co título *Misión Gafas de RV: Unha nova dimensión*, unha actividade centrada na realidade virtual e nas súas posibilidades educativas e creativas. Os días 22, 23 e 24 de xullo terá lugar o obradoiro *Aventura dixital creando con Canva e Genially*, no que a cativada poderá descubrir ferramentas para a creación de contidos visuais e presentacións interactivas.



XOGOS DA PRIMAVERA. Clausuráronse os Xogos da Primavera 2026 coa disputa do IV Aberto Xogo da Ra. A competición tivo lugar no CIT de Parga e reuniu a un total de 14 participantes nunha entretida tarde. O gañador desta edición foi Fernando Mayer e o podio completárono Daniel Armada e Dani Regueiro.

Parga convoca a Feira da Cantería, Callos e Artesanía para o día 19

O Concello de Guitiriz xa traballa nos preparativos da XXXI Feira da Cantería, Callos e Artesanía de Parga, unha das citas máis emblemáticas do calendario festivo e cultural do municipio, que este ano terá lugar o domingo 19 de xullo.

A feira volverá reunir tradición, gastronomía, artesanía e lecer nunha xornada pensada para todos os públicos. Como cada edición, celebrarase o tradicional Certame de Cantería, que alcanza xa a súa XXVIII edición, converténdose nun dos grandes atractivos da programación. Entre as actividades incluírase tamén o Campionato Galego de Andadura, diversas actuacións musicais ao longo da xornada, un espectáculo de maxia dirixido á cativada e a tradicional degustación de callos, un dos momentos máis agardados polos asistentes.

Ademais, a feira contará cos habi-

tuais postos de artesanía, nos que se poderá descubrir e adquirir produtos elaborados por artesáns e artesás, contribuíndo así á promoción do comercio e dos oficios tradicionais. Esta trixésima primeira edición ofrecerá, ademais, moitas outras actividades para completar unha das xornadas máis esperadas do verán no municipio chairego.

CONCURSO. Xa está aberto o prazo de inscrición para participar no XXVIII Certame. As persoas interesadas en participar poderán presentar a súa solicitude ata o día 13 de xullo a través da sede electrónica municipal ou no rexistro do Concello. Repartiranse un total de 1.500 euros en premios: 750 euros para a obra gañadora, 500 euros para o segundo premio e 250 euros para o terceiro. As esculturas premiadas pasarán a ser propiedade da organización.

Este certame, xa toda unha tradición durante a época estival no municipio chairego, ten como principal obxectivo promover e poñer en valor o oficio tradicional de canteiro, así como a pedra, un dos recursos patrimoniais e turísticos máis representativos do municipio.

A participación estará limitada a un máximo de 15 persoas, que serán admitidas por rigorosa orde de inscrición. A organización facilitará a cada participante un cachote de granito silvestre para a realización da súa obra, sendo o tema completamente libre. As persoas concursantes deberán acudir coas ferramentas manuais que consideren necesarias para desenvolver o seu traballo, como macetas, punteiros, ciceis ou outras propias do oficio.

A xornada do certame desenvolverase entre as 09:00 e as 14:00 horas do domingo 19 de xullo.


O Festival de Pardiñas debulla o seu cartel para estrear agosto

A Asociación Xermolos, organizadora do histórico Festival de Pardiñas en Guitiriz, celebrará a XLVII edición deste evento, declarado Festa de Interese Turístico Galego os días 31 de xullo e 1 e 2 de agosto, mantendo o seu espírito tradicional e a súa ampla variedade de actividades culturais.

Segundo informan desde a organización, a programación será semellante á do ano pasado, combinando música, tradición e participación popular.

Así, o festival contará con actuacións musicais, cantos de taberna, mostra de artesanía, carreira popular, exposición de instrumentos de música tradicional, obradoiros, espectáculos infantís e moitas outras propostas para todos os públicos. A programación deste ano non está de todo pechada pero xa se coñecen algúns nomes. Entre eles figura Cholo-Chicha, unha banda mestiza cunha proposta chea de enerxía, ritmo e fusión, mesturando a cumbia con rap, salsa, chicha e psicodelia nun directo que non deixará a ninguén en calma.

Tamén estarán Os Carecos, nados en 2014 no seo da Asociación Cultural Gamelas e Anduriñas. Levan anos construíndo unha proposta sólida onde destacan as súas potentes voces, as polifonías e un coidado traballo de percusión tradicional.



Dobranotch é outra das propostas. Un dos grandes nomes do klezmer internacional, con máis de 25 anos de traxectoria e cun son potente e cheo de vida que mestura tradición e ritmos de medio mundo: estilos folclóricos rusos, romanes, de Oriente Medio, ucranianos, caucásicos e impregnados con ritmos contemporáneos. Tamén estará Bestas, que vai do tradicional ao punk rock, sen límites nin complexos. Unha proposta salvaxe que mestura distorsión e instrumentos tradicionais, d-beat e muiñeira, temas propios e populares.

O Festival de Pardiñas consolidouse como un dos eventos culturais máis emblemáticos de Galicia, sendo un

punto de encontro para amantes da música e das tradicións populares, nun ambiente festivo e familiar.

CONCURSO. A asociación Xermolos fixo pública a relación de persoas e centros premiados na XLVII edición do Certame Terra Chá de creación infantil e xuvenil.

O certame, dirixido ao alumnado de Educación Infantil, Primaria, Secundaria, Bacharelato e Formación Profesional, inclúe modalidades como debuxo, poesía, prosa, murais, música, fotografía, banda deseñada e premios especiais.

Os galardóns recaeron en alumnado e grupos de numerosos centros educativos de Galicia, especialmente das comarcas da Terra Chá, As Pontes, Guitiriz, Vilalba, Melide, Monfero, Sobrado dos Monxes, Teixeira e A Coruña. O xurado recoñeceu traballos individuais e colectivos en todas as categorías, destacando creacións vinculadas á literatura, ás artes plásticas, á música, á fotografía e á banda deseñada.

Tamén se concederon varios premios especiais a proxectos educativos centrados na recuperación da memoria histórica, na creación literaria colectiva e na dinamización da lingua galega. A entrega de premios celebrarase o próximo 2 de agosto no transcurso do festival.

Manuel Requeijo pide clarificar a propiedade das parcelas rurais

O alcalde, Manuel Requeijo, reclamou un maior esforzo por parte das administracións estatal e autonómica para actualizar a información catastral e resolver as situacións de parcelas sen titularidade clara, unha problemática que, segundo advertiu, continúa dificultando a xestión e o aproveitamento do territorio nas zonas rurais.

Requeijo realizou estas declaracións durante unha xornada celebrada en Cangas de Narcea, no marco do proxecto europeo de cooperación "Clarificación de la propiedad. Una herencia para futuras generaciones", impulsado por grupos de desenvolvemento rural de Asturias e polos grupos galegos Ocoso Eo e Montes e Vales Orientais.

Durante a súa intervención, o rexedor valorou a participación do Concello de Muras no proxecto A Finca, promovido polo Ministerio de Fa-



cenda e desenvolvido no ano 2022. Esta iniciativa tiña como obxectivo facilitar a actualización dos datos catastrais e a inscrición de propiedades no Rexistro da Propiedade por parte da cidadanía. Muras foi un dos 23 concellos do Estado seleccionados para participar debido ao seu elevado índice de despoboamento.

Con todo, Requeijo considera que os resultados non foron os esperados. Segundo explicou, "fixéronse xes-

tiós con proba documental, pero non houbo un traballo de campo polo que non se percibiu unha mellora significativa". Neste sentido, advertiu de que a falta de clarificación da propiedade continúa xerando dificultades tanto nas operacións entre particulares como en procedementos administrativos nos que participan os concellos, como a devolución aos propietarios dos montes conveniados.

O sábado 1 será a Ruta Cabalar

Muras acollerá o 1 de agosto unha nova edición da ruta cabalar que organiza a Asociación Atila en colaboración co Concello. Poderán participar a cabalo ou a pé, para o que é necesario apuntarse antes do 31 de xullo no teléfono 667 609 990.

O programa dará comezo ás 10.00 coa xuntanza de cabaleiros, e a ruta terá a súa saída ás 10.30 horas, na Área Recreativa da Veiga. Contarase con pinchos a media mañá. A clausura será nun xantar. Pola tarde haberá probas de xincana, actuación musical e xogos para todos os públicos.

VÍTIMAS DO FRANQUISMO



O Concello de Muras acolleu un acto de lembranza e homenaxe ás oito persoas asasinadas no municipio polo bando nacional ao comezo da Guerra Civil. A cerimonia tivo lugar na Praza da Galeguidade, onde se descubriu unha placa conmemorativa na súa memoria.

Julio Díaz reivindica o seu labor como non adscrito

Cando falta menos de un ano para as próximas eleccións municipais, o concelleiro non adscrito de Muras, Julio Díaz, fixo balance da súa actividade política desde que decidiu afastarse do Partido Popular e continuar o seu labor en solitario dentro da Corporación municipal.


Díaz asegura que esta decisión estivo motivada pola súa vontade de impulsar unhas "políticas próximas", xa que consideraba que non se estaba a desenvolver unha acción política cara á veciñanza. Segundo explicou, "tiñamos moito que achegar e os veciños sentíase satisfeitos". Aínda que recoñece que non sempre logran unanimidade nos acordos, destaca que as súas propostas "van saíndo adiante".

Neste sentido, mostrouse crítico coa actitude do Partido Popular nos plenos municipais. "O PP vota en contra pensando que o fai contra min, pero faino en contra dos veciños", afirmou.

Entre as iniciativas impulsadas durante este período, o edil destacou o inicio dos trámites para a instalación dunha oficina bancaria no municipio, unha demanda histórica para mellorar os servizos á poboación. Tamén lembrou o compromiso adquirido polo equipo de goberno para render homenaxe aos traxes rexionais da desaparecida banda de música de Muras.

Outra das propostas aprobadas foi o inicio dos trámites para a adquisición da finca onde se celebra a tradicional Feira do Poldro. Segundo defendeu Díaz, "hai que contar cunhas instalacións propias e o sitio é idóneo" para garantir o futuro deste evento de referencia no municipio.

No ámbito das enerxías renova-



bles, o concelleiro puxo en valor as achegas realizadas en relación coa repotenciación dos parques eólicos Muras I e Muras II. Neste caso, solicitou que se incrementasen as axudas destinadas á veciñanza, especialmente ás persoas con rendas máis baixas.

Ligada a esta cuestión, tamén destacou a creación dunha liña de axudas para actuacións de eficiencia enerxética. Trátase dunha iniciativa "que contou co voto en contra do PP e do PSOE, pero que finalmente saíu adiante" e que xa está en vigor para a actual convocatoria.

Entre as actuacións pendentes, sinalou a proposta para dotar de alumeado público á senda peonil que une as vivendas sociais coa área recreativa da Veiga. Neste caso, asegurou contar co compromiso do equipo de goberno para a súa execución. Tamén destacou diversas melloras en estradas municipais que foron aprobadas e que, segundo indicou, comezarán a executarse proximamente.

De cara ao que resta de mandato, Julio Díaz avanzou que continuará traballando na mesma liña de proximidade coa cidadanía. "Seguiremos escoitando aos veciños e todo se vai levar a pleno", afirmou.

EXCLUSIVIDAD para la **SALUD** de tu **SONRISA**

Especialistas centrados en:

- Ortodoncia infantil y adultos
- Ortodoncia invisible
- Articulación Temporomandibular - Bruxismo
- Problemas de Oclusión y Función
- Diseño de sonrisa
- Ortopedia dentofacial

982 22 58 70 • 659 44 05 13
info@ortodonciafigueiras.es

Rúa Camilo José Cela 13, Local 1. 27002 Lugo
(Pza. de Augas Ferreas, esq. R/ Cántigas e Frores)

¡Ortodoncia todos los días!

Lunes, miércoles y jueves:
12:00 a 20:00 h
Martes y viernes: 9:00 a 17:00 h

if
figueiras
ORTODONCIA

EN BREVE



FESTA DOS NENOS. A rapazada de Outeiro de Rei celebrou a XXVI Festa dos Nenos e das Nenas, unha das citas máis agardadas. A programación contou con diferentes propostas de ocio, entre as que se incluíron inchables, karts e tobogáns, para pechar cunha festa da escuma.



FESTA DOS MAIORES. O Concello celebrou na Área Recreativa de Santa Isabel a XXXII Festa dos Xubilados, que reuniu a preto de 600 veciños e veciñas. Un dos momentos máis emotivos do encontro foi o acto de recoñecemento ás persoas de maior idade presentes na celebración.



DOAZÓN DE MÉDULA. Celebrouse a andaina familiar ‘Doa medula e serás o meu heroe’, un acto no que subliñou o heroísmo dos máis de 16.000 galegos que figuran inscritos no Rexistro Español de Doantes de Medula Ósea (RED-MO). Estivo organizada polo Concello de Outeiro de Rei en colaboración coa Asociación Española Contra o Cancro e diversas entidades.



IDOIA CUESTA. A artesá especializada en cestería e téxtil Idoia Cuesta foi recoñecida como mellor artesá de vangarda na quinta edición dos Premios Maestro Artesano do Círculo Fortuny, nun acto celebrado onte en Madrid no que estivo acompañada pola xerente da Fundación Artesanía de Galicia, Elena Fabeiro.

Firmado o convenio para dotar ao concello dun Centro de Día

A Xunta colabora co Concello de Outeiro de Rei no obxectivo de dotar ao municipio lucense dun Centro de Día, no encontro das rúas de Manuel María e do Pazo.

A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María M. Allegue, xunto co secretario xeral da Consellería, Yago Borrajo, asinou esta tarde co alcalde de Outeiro de Rei, José Pardo Lombao, un convenio de colaboración para acometer a segunda fase da construción dun Centro de Día. Neste acto, tamén estivo o director territorial da Xunta en Lugo, Marco Antonio Fernández Piñeiro.

En concreto, a través do convenio asinado hoxe, trátase de levar a cabo a construción dunha nova edificación na rúa Manuel María, s/n, a rehabilitación dunha edificación auxiliar existente e a integración dos novos espazos coa planta baixa da antiga Casa Reitoral de Outeiro de Rei, rehabilitada recentemente. O conxunto permitirá desenvolver actividades asistenciais, terapéuticas, sociais e de lecer propias dun centro de día.

Trátase da concesión dun préstamo, sen xuros, do Fondo de Cooperación da Xunta para municipios de menos de 50.000 habitantes, que suma



un importe de case 155.000 euros (154.989,72€). O orzamento total da actuación roldará os 624.000 euros (623.958,45€).

Esta intervención desenvolverase mediante a iniciativa da Xunta que está destinada a financiar actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes, dotado con algo máis de 3M€. Trátase de préstamos sen xuros que os concellos poden devolver no prazo máximo de 8 anos.

Este préstamo sen xuros ao concello de Outeiro de Rei correspóndese á convocatoria 2025 desta liña de achegas, que estará aberta ata o vindeiro 15 de outubro.

VISITA NOVO DELEGADO. Por outra banda, o delegado territorial da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, realizou a súa primeira visita institucional ao Concello de Outeiro de Rei, onde mantivo unha reunión de traballo co alcalde, José Pardo.

Entre as principais actuacións previstas destacou a rehabilitación estrutural do firme e a execución dunha nova capa de rodaxe de altas prestacións ao longo dos 11 quilómetros da vía autonómica LU-115, que conecta Outeiro de Rei e Castro de Rei. A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas xa adxudicou as obras, dentro dun contrato para mellorar tres estradas da provincia dotado con 2,6 M€.

begonte

A Festa da Empanada volve celebrarse o 18

A fin de semana do 18 e 19 de xullo, terá lugar a tradicional Festa da Empanada no Club Fluvial de Begonte.

Esta festa é unha tradición en Begonte e se celebra durante dous días nos que a empanada será o prato oficial e as familias ocupan o club fluvial para desfrutar da música.

O sábado esta prevista unha sesión vermú a cargo do dúo Venus, que amenizará tamén a verbena da noite xunto a Dj Ello, e pola tarde haberá un torneo de tute.

O domingo será Carta de Ajuste o prato forte da programación, e o encargado do peche das festas.

DONALBAI. A parroquia de Donalbai, en Begonte, estará de festas a fin de semana do 11 e 12 de xullo na honra a San Cristóbal.



A xornada festiva dará comezo o sábado ás 13.15 horas coa misa solemne e sesión vermú coa orquestra Florida que, ademais serán os encargados de amenizar a gran verbena da noite xunto ao dúo Explosión.

O domingo, o oficio relixioso será ás 12.30 horas, seguido dunha sesión vermú de fin de festa, amenizada de novo polo dúo Explosión.

O Concello organiza viaxes á praia todos os domingos dos meses de verán

O Concello de Begonte recupera a súa actividade Domingos á praia arrancando o día 12 coa visita a San Cibrao.

A actividade consistirá en organizar visitas dun día aos distintos areais das provincias de Lugo e A Coruña con saída ás 10.00 horas fronte á oficina de Abanca e regreso ás 19.30 horas.

Para participar é necesario inscribirse a semana anterior a cada viaxe, que ten un prezo de 5 euros, e deberá aportarse o nome, os apelidos, o DNI, a dirección e o teléfono.

Nos seguintes domingos deste mes as visitas serán ás praias de Foz e Riazor.

En agosto o programa establece a primeira visita o domingo 2 á de Covas, en Viveiro, seguida das de Miño, Cabanas, Foz e rematarán en Reinante.

O pleno aproba os orzamentos, que ascenden a 8,66 millóns

O pleno do Concello de Outeiro de Rei aprobou este xoves os orzamentos municipais, que ascenden a un total de 8.660.136,54 euros. As contas municipais contaron cos votos a favor de oito concelleiros do equipo de Goberno e os catro en contra da oposición.

O alcalde, José Pardo Lombao, destacou o capítulo de investimentos, que situou en 2.980.000 euros, ao que engadiu unha subvención da Xunta de 800.000 euros que xa está en execución. Este volume supón o 33,98 % do total do orzamento e avanza a posibilidade de ampliar este capítulo, onde se contempla a aprobación do Plan Parcial para A Palloza.

Pardo defendeu tamén que deixa a débeda pública “nunha cantidade asumible e necesaria”, con gastos financeiros que cifrou no 0,75 % e a anulación das prórrogas de crédito. Tamén puxo en valor os investimentos en servizos sociais, no SAF e na escola infantil, “onde cada vez hai máis nenos”, e a isto suma máis investimentos en equipamento para o deporte. Por isto cualifica as contas de Outeiro de Rei como “sumamente satisfactorias” polo que implica manter os impostos e as taxas conxelados. Apoyo al deporte y al equipamiento.

“Podémonos sentir satisfeitos por ofrecer máis servizos sen aumentar os impostos e con menos recursos. Vamos dando pasos importantes para mellorar a calidade de vida dos veciños, pero queda moito traballo por facer”, resumiu o mandatario, que tamén fixo referencia ao incremento de poboación “que obriga a dedicar máis cartos públicos a servizos”, citando a mellora da rede de



auga ou a rede de estradas, que se amplían e hai que manter, así como preto dun millón de euros a gastos de persoal.

Os dous partidos da oposición votaron en contra ao subliñar que os orzamentos infrinxen a normativa ao atrasar a aprobación dos orzamentos ata mediado o ano. “Non sabemos en que investiu os cartos estes meses”, explicou o nacionalista Miguel Vieito.

Ambos coincidiron en sinalar que o investimento do Concello é menor ao 20 %, xa que a maior parte del procede doutras administracións. “Presentan as contas tarde, mal e falseadas”, insistiu Vieito, que tamén considera que a débeda en realidade supera o 1,25 % e que as taxas “é o primeiro ano que non soben”.

Pola súa banda, a socialista Carmen Acacio reclama máis execución do orzamento e puxo como exemplo A Palloza, “que cada ano conta cunha partida que ano a ano non se executa”. Así mesmo, reclamou que o centro de día está sen abrir “oito anos despois”.

A débeda é de máis do 1,25 %. As taxas están conxeladas, pero é o pri-

meiro ano que non soben.

Aprobouse por unanimidade a urxencia dunha moción do BNG debido á comunicación da AD Matela da súa saída das competicións e tamén da súa posible desaparición debido á falta de apoio do Goberno local para manter as súas instalacións. Falaban dunha necesidade urxente de mellores no campo de San Lourenzo que se presentaron no Concello, “e non se fixo nada”. Solicita na moción que o Concello apoie ao Matela para a volta ás competicións.

O alcalde defendeu que todas as asociacións “queren máis sempre” e que si colaboraron asfaltando os accesos recentemente, así como con outras aportacións. “As instalacións non están ao nivel que nos gustaría, pero están ao nivel que un concello como o noso as pode ter”, recalcou Pardo.

Tamén fixo un chamamento á sociedade deportiva para que negocie co Concello as súas necesidades. “Sempre axudo a todas as asociacións, independentemente da súa ideoloxía”, recalcou, esgrimindo iso como unha das razóns polas que o equipo de goberno non aprobou a moción.

O Convivio da Cultura presenta un programa que abrirá Uxía e a banda

O Convivio da Cultura Galega non falta á súa cita, e a Casa-Museo Manuel María xunto á Federación de asociacións culturais Galiza Cultura, organizan este sábado, 11 de xullo, na Carballeira de Santa Isabel, en Outeiro de Rei, a súa XIII edición. Unha celebración que pretende rememorar a esencia das festas populares de que tanto gustaba Manuel María, como a romaría que se facía en Outeiro ao pé do río Miño, en que o convívio entre os e as festeiras era o centro, e na cal non faltaba a música e o xantar campestre e demorado.

A xornada festiva comezará ás 11.15h, sendo a Casa-Museo Manuel María o punto de encontro e a coral Solfa a encargada de lle dar a acollida a festeiros e festeiras. De alí sairase cara ao cemiterio, ao son de cuarteto Airiños do Cepelo, para levar a cabo unha pequena ofrenda a Manuel María e Saleta. O bibliotecario e arquivista da Fundación Manuel María, Xosé Manuel Pérez, dirixirá unhas palabras de lembranza para o escritor e a súa compañeira Saleta.

A partir das 12.30, a festa decorrerá na Carballeira de Santa Isabel, onde actuará Uxía e a Banda Sons e Soños de Rábade, Begonte, Outeiro e Friol cun programa musical expresamente preparado para a ocasión. Uxía, ademais, cantará algunhas das cancións do seu último traballo en homenaxe a Begoña Caamaño, *Indómitas*. Nove ondas a Begoña Caamaño.



Despois do concerto, celebrarase un xantar de convívio para o que cada quen trae a súa comida e a organización pon a disposición mesas e cadeiras con reserva (Para reservar é necesario avisar antes das 17 h do 7 de xullo, martes, a través do whatsapp 698177621 ou por correo electrónico contacto@casamuseomanuelmaria.gal). A festa continuará pola tarde, ás 16.30h, cunha foliada onde non faltará a música de Mestura de Nete, Sons da Chaira, o grupo de cantos de taberna de Xermolos, Música na Eira, Tradivivas Agra e Parabéns.

Durante a mañá, as directivas das entidades que conforman a federación Galiza Cultura manterán un encontro, ás 12.15, no auditorio da Casa-Museo para articular a súa actuación en común para o próximo ano.

Conta coa colaboración da Vicepresidencia da Deputación.



ARTAI
HORMIGONES

Ci. Rioseco s/n,
Monforte De Lemos, 27400

692 946 698
629 817 933

Pol. Ind. Betote Km 21
Sarria, 27600

692 946 694
629 817 933

Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.

Prefabricados de hormigón
Taller de ferralla
Cubiertas de panel sandwich
Cubiertas de fibrocemento
Servicio de grúa

982 530 469
hierrostouron@gmail.com

xermade

Cabreiros celebra as festas na honra a Santa Mariña do 10 ao 12 de xullo

A parroquia de Cabreiros, en Xermade, vivirá os días 10, 11 e 12 de xullo as súas tradicionais festas na honra a Santa Mariña, cunha programación que combinará música, tradición e celebración veciñal.

O venres 10 de xullo, a partir das 23.00 horas, dará comezo a verbena coas actuacións de Dj Zalo e JB Son marcando o inicio das festas con música e ambiente festivo.

O sábado 11 de xullo celebrarase ás 13:30 horas a misa solemne, seguida de procesión e sesión vermú, a cargo da orquestra Triunfo. Pola noite, a festa continuará cunha gran verbena na que actuarán de novo Triunfo e Fania Blanco Show.

As festas pecharanse o domingo 12 de xullo coa tradicional misa solemne, procesión e sesión vermú prolongada ás 13.30 horas, nesta ocasión amenizada pola orquestra Suavecito, que porá o broche musical a tres días de celebración.

Abre o prazo para inscribirse nun novo campamento de verán

O Concello organiza un novo campamento de conciliación para rapaces de 3 a 16 anos de idade durante os períodos de vacacións escolares de verán no Xermade Concilia 2026. O campamento terá lugar entre o 17 de xullo e o 14 de agosto en horario de mañá, de 9.00 a 14.00 horas. No caso de que haxa excursións, a hora de recollida dos nenos será ás 19.00 e ás 21.00 horas.

Durante o mesmo, que terá lugar na nave de Momán, desenvolveranse actividades artísticas, obradoiros, pintura, música e saídas á praia e a Cerceda, ademais dunha pernocta.

As prazas son limitadas e a inscrición pecharase o 14 de xullo. Debe facerse a través do rexistro do Concello.



A Biblioteca entrega os premios de Xermadeando e das Letras Galegas

A Biblioteca Municipal de Xermade acolleu unha emotiva xornada coa entrega de premios do Certame de Debuxo e Narración das Letras Galegas 2026, nun acto que serviu para recoñecer a creatividade, o esforzo e a ilusión das persoas participantes nesta edición.

No apartado de narración, na categoría A resultaron premiadas Mara Piñeiro Campo, Idril Toledo Caparrós e Kendra Toledo Caparrós. Pola súa banda, na categoría B, os galardóns foron para Elena Gato Ares, Cedric Toledo Caparrós e Martina Fernández Salgado.

No certame de debuxo, os premios da categoría A recaeron en Idril Toledo Caparrós, Yago Cendán Pico e Manuel de Rosende Paz, mentres que na categoría B as persoas distinguidas foron Martina Fernández Salgado, Elena Gato Ares e Cedric Toledo Caparrós.

Durante o acto trasladáronse os parabéns a todas as persoas participantes e, de maneira especial, ás gañadoras e gañadores desta edición, destacando a súa contribución á promoción da lingua e da cultura galegas a través da creación artística e literaria.

A programación continuou coa representación de As letras que voan con nome de muller, a cargo de Tremola Teatro, unha proposta que per-

mitiu ao público realizar unha viaxe polas Letras Galegas para descubrir e reivindicar o legado de mulleres que deixaron unha fonda pegada na literatura e na sociedade galega.

A celebración contou tamén coa presenza de numerosas familias e persoas asistentes, ás que a organización agradeceu a súa participación, así como a colaboración de todas aquelas persoas que fixeron posible o desenvolvemento da actividade.

IGUALDADE. Entregáronse tamén os premios da edición 2026 do certame Xermadeando pola Igualdade, unha iniciativa que promove os valores da igualdade entre a mocidade do municipio e que xa deu a coñecer os gañadores.

O acto celebrouse na Biblioteca de Xermade e servirá para recoñecer os traballos gañadores nas tres categorías establecidas no concurso. Na categoría A, o primeiro premio foi para Kendra Toledo Caparrós, seguida de Marco Pena Caaveiro e Idril Toledo Caparrós. Na categoría B, a gañadora foi Valeria Freire Paz, mentres que Yago Cendán Pico acadou o segundo posto e Uxía Cazás Pardiñas o terceiro. Na categoría C, o primeiro premio recaeu en Samuel Romero Baamonde, seguido de Elena Gato Ares e Xenxo Romero Díaz.

O Concello de Lugo nomeará a Fernando Ónega Fillo Adoptivo

O Concello de Lugo puxo en marcha o expediente para conceder, a título póstumo, o nomeamento de Fernando Ónega como Fillo Adoptivo da cidade, iniciando así os trámites para outorgarlle unha das máximas distincións honoríficas do municipio. A decisión responde á iniciativa promovida polo lucense Julio Méndez, quen impulsou unha campaña de adhesións coa finalidade de solicitar este recoñecemento institucional ao prestixioso xornalista. A proposta obtivo un amplo respaldo social e contou co apoio de numerosos colectivos e entidades.

Unha vez completado o proceso administrativo correspondente, a proposta será levada ao pleno ordinario do mes de xullo para a súa aprobación definitiva.

Antes do inicio oficial do expediente, a alcaldesa de Lugo, Elena Candia, informou persoalmente a Julio Méndez sobre o comezo da tramitación dunha iniciativa nacida desde a sociedade civil. Ademais, trasladou a proposta aos voceiros do PSOE e



do BNG durante a Xunta de Portavoces, solicitando o apoio de todas as formacións políticas para lograr o maior consenso institucional posible arredor desta distinción.

Fernando Ónega, natural de Mosteiro, desenvolveu unha das traxectorias máis destacadas do xornalismo español, converténdose nun referente no ámbito da comunicación política e da análise da actualidade ao longo de máis de cinco décadas. Durante a súa carreira mantivo unha estreita relación con Galicia

Entregadas máis de 500 sinaturas para reclamar os servizos sanitarios

A deputada do BNG no Parlamento galego, Olalla Rodil, e a portavoz municipal do BNG en Pol, Branca Fernández, rexistraron diante da Xunta de Galiza máis de 500 sinaturas recollidas entre a veciñanza para esixir a restitución do 100% dos servizos sanitarios no concello.

A iniciativa enmárcase na campaña que o BNG vén desenvolvendo nas últimas semanas para denunciar a situación que atravesamos o centro de saúde de Pol e reclamar unha solución definitiva á falta de persoal médico. Nun prazo aproximado dun mes, a formación nacionalista conseguiu reunir máis de medio milleiro de apoios, unha cifra que consideran unha mostra clara da preocupación e do malestar existente entre a veciñanza.

Branca Fernández agradeceu a implicación das persoas que participaron na campaña e destacou que “a resposta da veciñanza demostra que estamos ante un problema que afecta ao conxunto do concello, non só ás persoas adscritas ao cupo da médica que non foi substituída”. Neste sentido, lembrou que a ausencia desta

profesional provoca unha sobrecarga constante sobre a outra médica do centro de saúde, repercutindo na calidade asistencial de toda a poboación.

A portavoz municipal denunciou que a situación continúa sen resolverse malia os compromisos anunciados pola Consellaría de Sanidade. “Dixéronnos que no mes de xuño esta praza estaría cuberta, pero a realidade é que seguimos exactamente igual. O servizo continúa prestándose só tres días á semana e sen garantías de estabilidade para a veciñanza”, criticou.

Fernández advertiu tamén das dificultades ás que se enfrontan diariamente os pacientes, que en moitas ocasións non poden solicitar cita nin tramitar receitas a través da aplicación do Sergas debido á falta de ocos dispoñibles e á incerteza sobre os días nos que hai consulta. “Estamos diante dunha situación insostible que dificulta o seguimento dos pacientes, atrasa a atención sanitaria e incrementa a presión sobre os profesionais que permanecen no centro”, afirmou.

ATABERNA

T: 982 510 061

facebook/ataberna.vilalba

info@atabernavilalba.com

www.atabernavilalba.com

DISFRUTA CON TUS AMIGOS
OLVIDATE DE TODO Y SABOREA
NUESTRA CARTA
HAMBURGUESAS FRESCAS DE VERDAD
PASTAS FRESCAS DE VERDAD
ALCO PICA
SABOREAR
TORTILLAS
COMPARTIR TAPAS
RAXO PATATAS
NUESTROS DELICIOSOS



A Deputación aproba un convenio para construír un PAI en Mosteiro

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou este venres un paquete de medidas para reforzar, con 2,7 millóns de euros, a cooperación cos concellos, apoiar ao tecido produtivo da provincia e seguir mellorando as infraestruturas e os servizos públicos. Así o informou a Voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto na rolda de prensa posterior á sesión.

“Estas actuacións responden ao noso compromiso cun desenvolvemento equilibrado do territorio, apoiando aos concellos, fortalecendo á economía local e investindo en infraestruturas que melloran a calidade de vida da veciñanza”, valorou a responsable provincial.

No ámbito da cooperación municipal, a Xunta de Goberno sacou adiante catro convenios cos concellos de Viveiro, Trabada, Pol e Montforte de Lemos.

Ademais a Deputación tamén aprobou destinar máis de 200.000€ ao Concello de Pol para construír un Punto de Atención á Infancia (PAI) e reforzar o mantemento da zona deportiva e das piscinas municipais. O

novo servizo permitirá ofrecer atención educativa a nenos e nenas de 0 a 3 anos, favorecendo a conciliación das familias e contribuíndo á fixación de poboación no rural.

NOVO APARCADOIRO. Os concelleiros do Grupo Municipal Popular de Pol anunciaron que o cemiterio de Mosteiro contará cun aparcadoiro acondicionado grazas a unha intervención que acometerá a Xunta.

A voceira popular, Nicole Grueira, amosou a súa lección por esta nova, que “pode iniciarse en breve xa que contamos con todos os permisos necesarios”, os necesarios de Patrimonio.

“Foi un traballo intenso, de moitas semanas, pero entre todos acadamos o obxectivo e en breve poderemos desfrutar desta infraestrutura”, destacou.

Pola súa banda, o presidente da Asociación de Veciños de Mosteiro, José Luis Castro, destacou que “é unha mellora moi importante para o cemiterio e que dará servizo aos veciños”, así como agradeceu o traballo realizado por Nicole Grueira.



Unhas 130 autocaravanas inauguraron a nova área situada en Mosteiro

A nova área de autocaravanas de Mosteiro viviu a súa inauguración oficial cunha destacada resposta de visitantes. Preto de 130 autocaravanas e arredor de 300 persoas procedentes de diferentes puntos de Galicia, Asturias, Ponferrada e mesmo das Illas Canarias déronse cita nesta localidade da comarca da Terra Chá para participar nun encontro que serviu para estreir estas instalacións e dar a coñecer os atractivos do municipio.

A inauguración converteuse nun importante acontecemento social e turístico para Pol, que durante toda a fin de semana recibiu a centos de persoas vinculadas ao mundo do autocaravanismo. Os asistentes puideron gozar da estancia na nova infraestrutura e participar en distintas actividades organizadas con motivo da apertura deste espazo, deseñado para ofrecer servizos específicos aos usuarios deste tipo de vehículos.

Durante o acto descubriuse unha placa conmemorativa e destacou a importancia desta nova área para impulsar o turismo itinerante no

municipio. A instalación conta con servizos adaptados ás necesidades das autocaravanas e sitúase nun emprazamento que facilita tanto o descanso dos visitantes como o acceso aos recursos turísticos e naturais da contorna.

A presidenta da Asociación Galega de Autocaravanas, Mar García, destacou a relevancia deste novo equipamento e puxo en valor a aposta realizada polo Concello de Pol para atraer visitantes. A entidade, considerada a máis numerosa da Península no seu ámbito e que celebra o seu vixésimo aniversario, participou activamente nesta xornada inaugural.

Pola súa banda, o alcalde de Pol, Lino Rodríguez, mostrou a súa satisfacción pola elevada participación rexistrada e polo impacto positivo que a chegada de centos de visitantes tivo na actividade económica local. Segundo indicou, durante a fin de semana os establecementos hostaleiros e comerciais da vila rexistraron unha notable afluencia de público, contribuíndo a dinamizar a economía do municipio.

A Xunta autoriza dous novos parques eólicos na provincia

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicou dúas resolucións da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático polas que se concede a autorización administrativa previa e de construción a dous novos parques eólicos promovidos por Naturgy Renovables na provincia de Lugo.

Un dos proxectos corresponde á ampliación do parque eólico Moncero, que se localizará entre os concellos de Castroverde e Pol. A instalación contará cunha potencia de 6,93 megavatios (MW) e un investimento próximo aos 17 millóns de euros. O proxecto inclúe a instalación de dous aerogeneradores, dous centros de transformación, unha rede colectora soterrada e outras infraestruturas complementarias necesarias para o seu funcionamento.

A segunda iniciativa é o parque eólico Montelora, que se situará nos municipios de Lánca, Baralla, Castroverde e Baleira.

Aberto o prazo de matrícula para o PAI

O Concello de Pol abre o mércores o prazo de matrícula para o curso 2026/2027 no Punto de Atención á Infancia (PAI), para nenos maiores de 3 meses e menores de 4 anos que xa fixeron a reserva de praza e que están todos admitidos.

As crianzas que xa estiveran anos anteriores, presentarán xustificante de ingresos económicos actuais (renda, nóminas, xustificantes de pensións,...).

A matrícula pode facerse ata o día 15 nas oficinas do Concello, no propio PAI ou na sede electrónica.

EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS





INNOVACION, COMPROMISO Y GARANTIA

MAQUINAS Y RECAMBIOS LEMKEN



CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL



ENCHAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1,7 m³ Y 2.1m³



CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO

ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA



TRITURADORAS SERRAT AGRÍCOLAS, FORESTALES, BIOMASA...

¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!



RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.

www.corbarsll.com

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsll.com

“Queremos ser unha alternativa seria, transformadora e ilusionante”

Pablo Alvariño foi elixido novo secretario xeral e voceiro do PSdeG

A agrupación socialista de Cospeito abriu unha nova etapa coa elección de Pablo Alvariño Vázquez como secretario xeral e voceiro municipal do PSdeG. Veciño da parroquia de Vilapene, de 39 anos e profesor de Ensino Secundario na especialidade de Física e Química, Alvariño asumiu a responsabilidade de liderar a formación tras a Asemblea Extraordinaria celebrada o pasado 19 de xuño. Nun momento de reorganización interna e coa vista posta nas próximas eleccións municipais, conversa connosco sobre os retos que afronta a agrupación, a situación do concello e os obxectivos que se marca para esta nova etapa política.

Recole o testemuño tras un escándalo coa acusación do anterior voceiro e recentemente a súa dimisión. Como se xestiona iso?

É evidente que foron momentos difíciles para a agrupación local e para o grupo municipal pero agora abrimos unha nova etapa na que asumo esta responsabilidade con moita ilusión e compromiso. Debemos mirar cara adiante, traballar con seriedade e centrarnos en defender os intereses da veciñanza.

E que significarán todos estes cambios para a agrupación local?

A agrupación local vaise fortalecer con novas persoas que xa manifestaron a súa intención de incorporarse e de colaborar co proxecto de cambio que imos liderar de cara as vindeiras eleccións e dende o grupo municipal seguiremos traballando facendo unha oposición sensata e construtiva no que resta de lexislatura.

Que obxectivos ten para as próximas eleccións?

O obxectivo é claro: presentar unha alternativa seria, transformadora e ilusionante para as próximas eleccións. Quedan aínda meses de traballo, de escoita e de proximidade, pero queremos chegar ás eleccións cun equipo preparado, cun programa realista que responda ás necesidades da veciñanza e coa ilusión de ofrecer o cambio que precisa Cospeito.

Xa ten unha lista ou aínda están en formación?

Estamos traballando nela. O máis importante non é ter a lista pechada con moita antelación, senón construír un equipo con persoas comprometidas e con gañas de traballar por Cospeito. Queremos contar con persoas de diferentes parroquias, con experiencia en diversos ámbitos e tamén con xente nova que achegue ilusión e novas ideas. O fundamental é que sexa un grupo unido e disposto a traballar polo interese xeral do noso concello.

Como se vinculou á política e ao partido?

Foi nas pasadas eleccións municipais cando me decidín a dar o paso aínda que sempre tiveron interese pola política en xeral e pola vida do meu concello en particular porque creo que a política é a ferramenta para mellorar a vida e resolver os problemas reais das persoas. No Partido Socialista atopei o espazo que comparte os valores nos que creo profundamente como a defensa dos servizos públicos, os dereitos sociais ou a igualdade de oportunidades.

de de oportunidades.

Como ve ao seu concello?

Cospeito é un concello con enormes posibilidades, principalmente pola súa orografía que lle proporciona grandes vantaxes para o desenvolvemento de sectores como o agropecuario e o gandeiro, e pola súa situación xeográfica e proximidade tanto a vías de comunicación estratéxicas como a autovía do noroeste ou a zonas como Lugo ou incluso A Mariña xa que Cospeito é unha zona de tránsito entre ambas localizacións. Porén, desde fai anos Cospeito está en decaemento: a poboación diminúe a pasos axigantados, hoxe somos pouco máis de 4000 habitantes e no 2000 aproximámonos aos 6000 habitantes, e cada vez está máis envellecida, non somos capaces de atraer actividade económica que dinamice a vida do concello, o Plan Xeral de Ordenación Municipal aínda sen aprobar, os servizos públicos cada vez están máis deteriorados, etc.

Hai preocupación pola escola infantil entre os pais e nais.

Especialmente preocupante é o que está a acontecer na Escola Infantil, un servizo público de enorme transcendencia na que se constataron diversas irregularidades, algunhas delas graves, nunha inspección da Xunta feita o ano pasado e que está sendo foco de continuadas queixas por parte dos pais e nais que levan alí aos seus nenos e nenas. Por outro lado, o estado das estradas e camiños municipais, así como doutras instalacións municipais, é moi mello-



ráble debido á falta de mantemento e arranxos precisos.

Ve posible un cambio de tendencia no voto?

Si, creo que é posible, e para iso estamos traballando en crear unha alternativa sólida e crible cun equipo preparado e un proxecto centrado nas necesidades e preocupacións da veciñanza. Nós imos traballar sen descanso para merecer a confianza dos veciños e das veciñas.

Sobre que eixos vai fundamentar o programa?

O programa partirá da escoita á veciñanza, pero hai varias prioridades claras: potenciar e mellorar os servizos públicos municipais e a atención ás persoas, especialmente aos nosos maiores; atraer actividade económica apoiando e favorecendo o tecido empresarial, o comercio e o sector agro gandeiro; elaborar un plan de coidado e mantemento das parroquias que nos permita establecer un protocolo e un calendario máis áxil e estable de actuacións de limpeza,

EXECUTIVA LOCAL

- Secretaría Xeral - Pablo Alvariño
- Secretaría de Organización: Servando Otero
- Secretaría de Política Municipal: José Ramón Chao
- Secretaría de Medio Rural: Antonio Cupeiro
- Secretaría de Xuventude e Tempo Libre: Asier Chao

desbroce, mantemento e pequenas reparacións nas parroquias e outros espazos públicos do concello, dinamizar a vida no noso concello mediante o desenvolvemento de novos eventos ou actividades ao longo do ano que permitan atraer xente e favorezan o desenvolvemento económico e colaborar máis activamente cas distintas Asociacións do concello, as cales fan unha gran labor de cohesión social e organización de actividades tanto nas parroquias como na Feira do Monte e Muimenta.

Santa Cristina estará de festa o 18 e 19

Santa Cristina celebrará as súas festas a mediados de mes, cunha xornada adicional o sábado 1 de agosto para o tradicional xantar veciñal. O sábado 18 terá lugar ás 13:30 horas a misa solemne, que dará paso á sesión vermú amenizada polo grupo Formax. Pola noite, a verbena contará coa actuación de Formax e a orquestra Capitol, garantindo animación e música para todas as idades. O domingo continuarase coa misa solemne ás 13:30 horas, que será cantada pola Coral Municipal Virxe do Monte, seguida dunha nova sesión vermú co Grupo Fénix. O sábado 1 de agosto está previsto o xantar veciñal, coa misa solemne e sesión vermú, e prolongando a festa pola tarde do DJ Patakiña.

UNIVERSIDADE



Tivo lugar no Pazo de Montenegro unha xuntanza de traballo entre o vicerreitor de Coordinación do Campus de Lugo, Roberto Bande, e o coordinador da Moexmu, José Manuel Rus Rodríguez. Durante a reunión, fíxose entrega ao vicerreitor do pin conmemorativo da Moexmu. Ademais, no marco do convenio de colaboración suscrito entre ambas entidades, abordouse a posibilidade de intensificar a cooperación mediante o desenvolvemento de accións formativas, así como a participación en actividades de divulgación e transferencia de coñecemento.

Xunta e Concello avalían actuacións para mellorar varias infraestruturas

O delegado territorial da Xunta, Alfonso Villares, mantivo hoxe un encontro institucional co alcalde, Armando Castosa, no que avaliaron as actuacións que está a impulsar a Xunta no municipio para a mellora das infraestruturas e servizos. Villares subliñou o apoio do Goberno galego aos concellos rurais para “incrementar as dotacións, dinamizar a economía local e ofrecer condicións de vida e de traballo que resulten atractivas para o establecemento das persoas mozas”. Así, referiuse ás obras de reforzo do

firme realizadas nos últimos meses en máis de 8 quilómetros de pistas ao abeiro do plan Camiña Rural e do Plan de Infraestruturas Rurais I; beneficiaron a nove núcleos de Pino, Goá, Xustás, Sisoí, Roás, Rioaveso e Xermar. Entre as próximas actuacións previstas destaca a mellora da accesibilidade ao miradoiro da Terra Chá, que promove o Concello e conta con 30.000 euros do Goberno galego. Cunha achega similar, veñen de acometer a adecuación exterior do Museo da Auga.

O PSdeG celebra a licitación das obras na rúa Bautista Núñez

O PSdeG de Rábade valorou positivamente a aprobación da licitación das obras de rehabilitación do firme na estrada provincial LU-P-5101, no tramo correspondente á rúa Bautista Núñez, unha intervención impulsada pola Xunta de Goberno da Deputación de Lugo.

O voceiro socialista no municipio, Alejandro Martínez, sinalou que se trata dunha actuación prioritaria que foi trasladada pola agrupación local á presidenta da Deputación, Carmela López, nunha reunión celebrada o pasado mes de maio. Segundo explicou, a intervención responde á necesidade de mellorar unha vía moi transitada e con deterioro no seu pavimento.

“Falamos dunha necesidade que levaba tempo enriba da mesa. Esta intervención é fundamental para garantir a seguridade, mellorar a mobilidade e contribuír á calidade de vida das nosas veciñas e veciños”, apuntou Martínez.

As obras afectarán a uns 300 metros da vía, desde o entroncamento



coa N-VI ata o percorrido pola rúa Bautista Núñez, unha das zonas con maior intensidade de tráfico da localidade. O proxecto inclúe o fresado do firme, a súa posterior pavimentación con aglomerado en quente e a instalación dunha rigola para mellorar a evacuación das augas pluviais. O voceiro socialista destacou tamén a rapidez na tramitación da Deputación, que considerou que “en menos dun mes” deu resposta á demanda

trasladada. Así mesmo, puxo en valor o labor da agrupación local á hora de canalizar as necesidades veciñais cara ás administracións competentes.

Martínez concluíu subliñando que os investimentos que están a executarse no municipio “seguen chegando da man dos gobernos progresistas”, fronte á ausencia de actuacións recentes por parte da Xunta, segundo afirmou.

Presentación do poemario ‘Berros do Silencio’ o día 10

O día 10, ás 20.00 horas, o Centro Sociocultural converterase no escenario da presentación de *Berros do Silencio*, un poemario cuxo evento promocional se formula como un emotivo encontro entre a poesía, a memoria e a zanfona. O acto contará cunha serie de intervencións destacadas para arroupar esta nova publicación, como as achegas e a participación do escritor Jordi Cicely e do dramaturgo Euloxio Fernández. O momento central do evento estará protagonizado polo propio autor da obra, José Torres Piñeiro, quen ademais ofrecerá unha interpretación musical coa zanfona.

Nova edición do Certame de Pintura Rápida o 11

Convocada unha nova edición do Certame de Pintura Rápida, que volverá reunir artistas chegados de distintos puntos de Galicia e doutras comunidades.

O certame celebrarase o sábado 11 de xullo entre as 9.00 e as 17.00 horas e estará aberto á participación de todas as persoas artistas maiores de 18 anos. As inscricións e o selado das teas serán gratuítos e realízanse o propio día do concurso antes das 10.30 horas.

Nesta edición, o tema proposto será *Estampa de Rábade*, polo que

os participantes deberán inspirarse na paisaxe urbana, patrimonial ou natural do municipio.

O concurso repartirá máis de 3.500 euros en premios. O primeiro galardón, patrocinado polo Concello, estará dotado con 1.200 euros. O segundo, patrocinado por Finsa, ascende a 800 euros, mentres que o terceiro, financiado por Mercontrol, contará cunha dotación de 600 euros. O cuarto premio, patrocinado por Sariego, será de 500 euros. Ademais, o xurado concederá tres accésits de 100 euros cada un.

Rábade clausura o taller de memoria cun acto de entrega de diplomas

Celebrouse na localidade o acto de entrega de diplomas ás veciñas e veciños que participaron durante o curso 2025/2026 no taller de memoria organizado polo Concello. A iniciativa, dirixida principalmente ás persoas maiores do municipio, permitiu ao alumnado traballar ao longo dos últimos meses diferentes capacidades cognitivas e compartir un espazo de encontro e socialización. Durante o acto, a rexedora felicitou ás persoas participantes pola súa implicación e constancia, destacando a importancia deste tipo de actividades para favorecer un envellecemento activo e mellorar a calidade de vida da poboación maior. Desde o Goberno local expresaron a súa satisfacción pola boa acollida do programa e agardan que os asistentes lle sacasen o máximo proveito ás se-

sións desenvolvidas no curso.

O taller de memoria forma parte da oferta de actividades que o Concello de Rábade promove cada ano co obxectivo de estimular as capacidades mentais, reforzar a atención, a concentración e a memoria, ademais de fomentar as relacións sociais entre os participantes. A través de exercicios prácticos, dinámicas grupais e actividades de estimulación cognitiva, os asistentes puideron traballar diferentes habilidades nun ambiente participativo e adaptado ás súas necesidades.

O Concello ofreceu esta actividade de forma gratuíta. Coa chegada do outono iniciouse unha nova edición do taller de memoria, que se desenvolveu os luns pola tarde no Centro Sociocultural en dúas quendas, ás 16.30 e ás 17.45 horas.

VEVO VEO XACOBEO



O comisario do Xacobeo 2027, Marcos Gómez Román, participou no CEIP Otero Pedrayo, no acto de peche da quinta edición do programa educativo Vexo Veo Xacobeo, unha iniciativa impulsada por Turismo de Galicia. Este ano, esta acción divulgativa contou coa participación de 20 centros educativos e 969 alumnos de Educación Infantil e Primaria de toda Galicia.

Formación NEWTON

Rúa Maciñeira Parcela 32, Pol. Sete Pontes
27800 Vilalba (Lugo) - Tlf.: 982 523 238
www.newtonacademia.es

CURSO	INICIO	FIN	MODALIDAD
Habilitación para a docencia en graos A, B e C do sistema de formación profesional	25/03/2026	06/08/2026	TELEFORMACIÓN
Transporte sanitario	15/04/2026	07/10/2026	PRESENCIAL
Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	23/04/2026	14/09/2026	TELEFORMACIÓN
Operacións auxiliares de servizos administrativos e xerais	29/04/2026	28/09/2026	PRESENCIAL
Atención sanitaria a múltiples vítimas e catástrofes	04/05/2026	23/09/2026	TELEFORMACIÓN
Montaxe e mantemento de instalacións solares fotovoltaicas	06/05/2026	27/10/2026	PRESENCIAL

PELUQUERÍA UNISEX
CON SERVICIO A DOMICILIO

Avenida Terra Cha, 125 Baixo
659 093 512

riotorto

Autorizado o novo convenio para a obra da residencia de maiores

O Consello da Xunta deu o visto e praxe á sinatura dun novo convenio entre a Consellería de Política Social e Igualdade e o Concello de Riotorto, destinado a continuar coa colaboración na construción da residencia de maiores. O montante deste acordo é de 275.000 euros para financiar as obras deste equipamento de titularidade municipal. O ente local tamén será o responsable de determinar o modelo de xestión deste servizo residencial.

Estes fondos súmanse aos 1,5 millóns de euros xa achegados pola Xunta a esta actuación a través dun

convenio anterior e do Plan de investimentos para a construción e mellora de residencias, centros de día e centros sociais que dependen dos concellos. En total, o Executivo autonómico inviste preto de 1,8 millóns de euros no financiamento das obras deste novo centro residencial de Riotorto, o que supón practicamente o 100% do seu custo.

A residencia contará con 37 prazas e disporá de dúas áreas diferenciadas: unha para espazos e servizos comúns, como lavandaría, comedor ou sala de enfermaría; e outra reservada para os dormitorios.

ALMORZO SAUDABLE



O CEIP Plurilingüe de Riotorto pechou o curso cun almuerzo saudable, unha iniciativa para promover os hábitos alimentarios saudables entre os máis pequenos. A través destes almozos refórzase o apoio e recoñecemento aos produtos agroalimentarios de proximidade, así coma a aqueles amparados por selos de calidade diferenciada.

As festas na honra a San Cristóbal serán o 10 e 11

A localidade de Riotorto vivirá as súas grandes Festas na Honra a San Cristóbal os vindeiros días 10 e 11 de xullo cunha programación do máis variada.

As celebracións arrincarán o venres 10 de xullo ás 19.00 horas coa tradicional misa na honra do patrón, que dará paso ás 22.00 horas a unha cea popular no polideportivo municipal, servida polo Catering Rodil. A primeira xornada festiva completárase cunha gran verbena, que contará coas actuacións de SP The Sound Project e a recoñecida orquestra La Fórmula. O sábado a actividade continuará desde o mediodía cunha misa ás

12.00 horas, seguida da procesión e un pasarrúas animado pola Charranga Bamboleo, unha actuación enmarcada dentro do programa Tradigalu da Deputación de Lugo. Posteriormente, a Praza das Rodrigas acollerá o tradicional acto de Bendición de Vehículos, dando paso á sesión vermú que estará amenizada pola música do dúo Belinda. O broche de ouro a estas festas patrónais poñeráse pola noite cunha última verbena na que as formacións Galilea e La Hora Bruja farán bailar aos asistentes na mesma explanada, nun evento que conta coa colaboración do Concello.

meira

A CHMS investirá na mellora e ampliación do saneamento

José Antonio Quiroga, presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), e Antonio de Dios, alcalde do Concello lucense de Meira, rubrican un Convenio de colaboración que posibilitará o financiamento e a redacción do proxecto de mellora do saneamento e da EDAR. Meira dispón na actualidade dunha estación depuradora de augas residuais (EDAR) á que se conectan, ademais das augas residuais e pluviais urbanas, as procedentes do seu polígono industrial. É intención do Concello proceder á ampliación deste polígono industrial, o que provocará un aumento de vertidos á EDAR, que se atopa ao límite da súa capacidade. Na actualidade hai empresas que demandan máis solo nun polígono de grande actividade e con empresas importantes.

En aras da colaboración entre administracións, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, atendendo ao requirimento do Concello, redactou en datas recentes un documento de análise da situación actual da EDAR de Meira e o plantexamento de posibles alternativas de actuación que pode servir de base para a redacción



do proxecto construtivo.

O citado proxecto, obxecto do presente convenio, dará solución ás conexións da rede de fecas do Polígono á EDAR actual a través dun novo colector para evitar os vertidos de orixe industrial ao río Miño en período de choiva. Tamén contemplará a construción dunha nova rede separativa no polígono industrial actual e un dispositivo para garantir o alivio dos caudais de augas residuais urbanas antes da súa entrada na EDAR. Por outra parte, dará solución á capacidade de bombeo de cabeceira da EDAR, proxectándose un pretra-

tamento independente para recibir o caudal industrial directamente do Parque Empresarial.

Estas actuacións completaranse coa mellora e ampliación da planta depuradora para adaptala ás novas cargas e caudais previstos e renovárase completamente a liña de lodos; e plantexarase o cambio do sistema eléctrico incluíndo a posibilidade de dispoñer de paneis solares.

O investimento necesario para a redacción do proxecto estímase en 190.000 €, que será sufragado nunha porcentaxe do 90 % pola CHMS e o 10 % restante polo Concello.

Arranca o programa Verán de Lecer

Meira volverá apostar este mes de xullo polo ciclo Verán de Lecer, unha iniciativa xa consolidada na programación estival da vila e que regresa cun programa reforzado.

A programación musical xa arrancou con concertos todos os venres na Praza do Convento a cargo dos alumnos da Escola de Música. Ademais, o programa inclúe un concerto sorpresa previsto para o 31 de xullo.

No ámbito patrimonial e turístico, o Concello organizou tamén un calendario de visitas e andainas guiadas. Todas as actividades partirán ás 17.00 horas desde a Oficina de Turismo e requirirán inscrición previa.

O 16 de xullo celebrárase unha andaina polas fontes de Vilardemouros, mentres que o 21 de xullo terá lugar a actividade *Adeuses Eternos. Palabra e Memoria*, unha visita ao cemiterio de San Roque centrada na presenza da literatura galega nos ritos funerarios. O programa completárase o 30 cunha ruta polos fornos do cal, elementos de gran valor histórico e etnográfico do municipio. A oferta cultural de xullo incluírá tamén o tradicional Festival de Bandas de Meira, que se celebrará o domingo 12 de xullo a partir das 19.30 horas na Igrexa Parroquial.



Entregados os premios do Certame Avelino Díaz

A Casa do Concello de Meira acolleu a entrega dos premios do IX Certame de Debuxo e Creación Literaria Avelino Díaz, organizado polos concellos de Meira e Riotorto coa colaboración da Asociación Cultural Avelino Díaz.

Na categoría de debuxo, para participantes de entre 3 e 8 anos, os premios foron para Pablo Morcillo Devesa, Xiana Folgueira Pacio e Sabela Pérez González, mentres que o accésit recaeu en Youssef Moujniba. No apartado de poesía de 9 a 12 anos, resultaron premiadas María Mercedes Moreno Cardoza, Nayara Ferreiro Díaz e María Vázquez Regueras.

Na categoría de poesía para mozos e mozas de entre 13 e 17 anos, os

galardóns foron para Lía Enríquez Salgado, Julia Armada Recalde e Adrián Barciela Cabanas, mentres que o accésit foi para Nelly Palmeiro Castro. Entre os participantes adultos na modalidade de poesía, os premios recaeron en Javier Rodríguez González, Carlos Neira Suárez e Paula Andrea Ani.

Na categoría de relato para maiores de idade, a gañadora foi Soledad García Riveiro, seguida de César Ramos Domínguez e Jacobo Paz Limia. O accésit correspondeu a Roberto Jesús Hermida Lorenzo.

O xurado estivo presidido por Xosé Otero Canto e contou como vogais con Mario Outeiro Iglesias e María Airado Otero, actuando como secretaria Yoani Jartín Salgado.

TERRA CHÁ

EDP forma no rural galego a 24 novos técnicos en enerxía eólica

A transición enerxética non só está transformando o modelo de produción eléctrica, senón que tamén se consolida como unha importante fonte de emprego. Un exemplo é o programa Skills Energy Professionals, impulsado por EDP, Vestas e a Asociación Empresarial Eólica (AEE), que acaba de pechar en Viveiro a súa sexta edición coa formación de 24 mozos e mozas procedentes de zonas rurais do resto da península.

A clausura desenvolveuse nas instalacións de Vestas en Viveiro, onde os participantes recibiron os seus diplomas tras completar un itinerario formativo especializado en operación e mantemento de parques eólicos. O programa busca facilitar a incorporación laboral da mocidade ao sector renovable ao tempo que contribúe a fixar poboación en áreas rurais afectadas polo despoboamento.

Ao acto asistiron a alcaldesa de Viveiro, Mariña Gueimunde; o director territorial da Consellería de Economía e Industria en Lugo, Gustavo José Casasola; e o delegado de EDP en Galicia, Juan Antonio Rey. Durante a xornada tamén se celebrou unha mesa redonda na que representantes das tres entidades promotoras analizaron os retos e oportunidades que ofrece o sector eólico.



A formación combinou clases teóricas en liña co Curso Técnico de Operación e Mantemento de Parques Eólicos da AEE e prácticas presenciais nas instalacións de Vestas en Lugo. Ademais, os alumnos completaron formación homologada GWO en prevención de riscos laborais e traballos en altura en Vilalba, unha certificación que lles permite acceder a postos de traballo en instalacións eólicas de todo o mundo.

O programa suma xa 125 participantes desde a súa posta en marcha, converténdose nunha ferramenta para mellorar a empregabilidade en territorios con menos oportunidades laborais. Segundo destacou o director xeral da AEE, Juan Virgilio Márquez, o sector eólico prevé superar os 60.000 empregos en España antes de 2030, impulsado polo

crecemento das renovables e pola necesidade de especialistas.

Desde Vestas subliñaron que a transición enerxética require persoal cualificado para garantir o funcionamento e mantemento dos parques eólicos a longo prazo. A compañía considera especialmente relevante desenvolver parte desta formación en Galicia, unha das comunidades con maior implantación desta tecnoloxía e cun importante peso da industria eólica na súa economía.

Pola súa banda, EDP incidiu na importancia de xerar oportunidades de formación e emprego nos territorios onde desenvolve a súa actividade. A compañía entende que este tipo de iniciativas contribúen a fortalecer o tecido económico local e a ofrecer alternativas profesionais para a mocidade do medio rural.

Adxudicadas as obras da vía entre Palas e Friol e de estradas en Xermade

A Xunta de Goberno da Deputación deu un novo impulso á mobilidade da provincia coa activación de preto de 1,5M€ destinados á renovación de oito estradas provinciais e á modernización da maquinaria do Parque Móbil. Así o informou a Voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, tras a reunión semanal.

Avanzou nese sentido que a Xunta de Goberno licitou dous proxectos por un importe conxunto que supera o medio millón de euros.

En Xermade, a Deputación invertirá 249.399,56€ para mellorar diferentes tramos de catro estradas provinciais que conflúen no núcleo urbano da capitalidade municipal e que servirá "para darlle unha volta moi importante á mobilidade na capitalidade do municipio": a LU-P-2201 e o seu ramal, a LU-P-2203, a LU-P-2205 e a LU-P-2213.

Os traballos consistirán na mellora da drenaxe, pavimentación con aglomerado en quente e reposición da sinalización.

A Xunta de Goberno adxudicou ademais tres proxectos de mellora da rede provincial cun investimento total de 814.108 euros. Entre Palas de Rei e Friol, a empresa Cholo SL será a encargada de acometer a

rehabilitación de varios tramos da LU-P-4004 por 269.761,86€.

A actuación afectará aos treitos ao inicio e ao final da vía, comprendidos entre os puntos quilométricos 1,3 e 3,1; 3,7 e 5,5; e 9,8 e 10,2. Esta estrada presta servizo a explotacións gandeiras, establecementos de turismo rural e distintos núcleos de poboación da zona.

As obras consistirán fundamentalmente na mellora da drenaxe, a renovación do firme mediante aglomerado en quente e a reposición da sinalización, cun prazo de execución de catro meses.

RESIDENCIAS DE MAIORES.

A Xunta de Goberno da Deputación sacou adiante a licitación das obras para instalar grupos electrógenos nos nove centros de atención ás persoas maiores da Deputación de Lugo, cun investimento de 278.951 euros.

A actuación desenvolverase nas residencias provinciais situadas nos concellos de Meira, Pol, Castroverde, A Fonsagrada, Ribas de Sil e Pedrafita do Cebreiro, co obxectivo de reforzar a seguridade das instalacións e garantir a continuidade dos servizos básicos ante posibles incidencias no subministro eléctrico.

Africor recoñece o labor de trece granxas gandeiras da provincia

As mellores ganderías de vacún de leite da provincia de Lugo foron protagonistas na entrega dos recoñecementos anuais de Africor Lugo, nun acto no que se puxo en valor o traballo desenvolvido polas explotacións que destacan pola súa produción, a calidade morfolóxica dos animais e a mellora xenética.

Entre as granxas premiadas sobresaí especialmente Casa do Rego, do concello de Lámara, que acadou distincións nas principais categorías, consolidándose como unha das explotacións de referencia do sector leiteiro lucense. A súa traxectoria foi recoñecida polos excelentes resultados obtidos tanto en produción como en cualificación morfolóxica e índices xenéticos.

Xunto a ela tamén recibiron recoñecementos outras explotacións da provincia que destacaron polos seus resultados nos distintos apartados avaliados por Africor. Entre as pre-



miadas figuran Zorro, Neiras, Agustín e Tendeiro, todas elas de Sarria; Varela, de Castroverde; Lodos e Pérez, da Pastoriza; Casanova, de Baleira; Campolongo, de Carballedo; e Casa de Roca, de Guitiriz.

No apartado de produción media de leite por vaca, a explotación Rodasinde, situada en Segán de Abaixo, no municipio do Saviñao, foi a que acadou os mellores rexistros, cunha media de 16.809 quilos por animal.

A segunda posición correspondeu a Casa do Rego, con 15.887 quilos por vaca.

Pola súa banda, o premio á excelencia morfolóxica recaeu en Mantoño Holstein, de San Xusto de Barreiros, grazas á alta puntuación obtida na valoración das súas reses frisoas. No ámbito da mellora xenética, o recoñecemento foi para a SAT Agostro Darriba, da parroquia da Rigueira, en Pastoriza.

O parque eólico Batifol obtén luz verde para a súa construción en Lugo

O proxecto do parque eólico Batifol, promovido por Naturgy Renovables nos concellos lucenses de Castroverde, Castro de Rei e Pol, vén de recibir a autorización administrativa previa e a autorización administrativa de construción por parte da Xunta de Galicia, un paso que permite avanzar na execución desta infraestrutura enerxética.

A resolución, publicada este venres no Diario Oficial de Galicia (DOG), dá o visto e praxe tanto ás instalacións do parque como ao proxecto de execución presentado pola compañía para desenvolver esta instalación de xeración renovable, que contará cunha potencia total de 12,47 megavatios (MW).

Segundo a documentación apro-

bada, o parque eólico terá unha produción neta estimada de 29.616 megavatios hora anuais (MWh/ano), cunhas 2.375 horas equivalentes netas de funcionamento. O investimento previsto para a execución material do proxecto ascende a preto de 10,7 millóns de euros.

A instalación estará situada entre os municipios de Castroverde, Castro de Rei e Pol, reforzando a presenza da enerxía eólica na provincia de Lugo e contribuíndo á produción de electricidade a partir de fontes renovables. Coa obtención destas autorizacións, Naturgy poderá continuar coa tramitación necesaria para poñer en marcha o parque eólico Batifol.


O fenómeno astronómico do século

O mércores 12 de agosto de 2026 terá lugar unha eclipse total de Sol na península Ibérica, un fenómeno histórico de gran relevancia científica e social que atraerá milleiros de persoas e converterá o ceo nun gran espectáculo natural

O serán do mércores 12 de agosto de 2026 quedará gravado na historia da astronomía e tamén na memoria colectiva da cidadanía. Ese día terá lugar a primeira eclipse total de Sol visible desde a península Ibérica en máis de cen anos, un acontecemento extraordinario que non se repetirá ata ben entrado o século XXI. Fontes da Comisión Nacional da Eclipse explicaron que “este evento é excepcional pola súa localización, duración e condicións de observación; España sitúase nun tramo privilexiado da franxa de totalidade, coincidindo coa posta de sol”. A franxa de totalidade cruzará España de oeste a leste, atravesando numerosas capitais de provincia como A Coruña, Oviedo, León, Bilbao, Zaragoza, Valencia ou Palma. Tal como salientou un astrónomo consultado, “o fenómeno ocorrerá cando o Sol estea moi próximo ao horizonte, o que obriga aos observadores a escoller puntos de observación sen obstáculos cara ao oeste”. Os meteorólogos indican que, ao producirse en pleno verán, “as probabilidades de ceos despexados son elevadas en boa parte do país”, un factor que xoga a favor de todas as persoas interesadas en contemplar a eclipse de forma segura. “En comparación con Islandia, onde as nubes reducen practicamente a cero as opcións de observación, España será practicamente o único lugar en terra firme con posibilidades reais de ver o fenómeno en boas condicións”, asegurou un portavoz do Servizo Meteorolóxico Nacional.

GALICIA

Galicia terá un papel destacado neste fenómeno astronómico. A franxa de visibilidade abarca unha ampla zona comprendida entre Estaca de Bares e a comarca ourensá de Valdeorras, atravesando 143 concellos, o que supón o 45,6 % do territorio galego. Segundo o Instituto Xeográfico Nacional, “na Coruña e en Lugo a eclipse será total, mentres que en Ourense e Pontevedra poderá verse de forma parcial, coa máxima cobertura solar dependendo da localización exacta”. As horas previstas para a totalidade son precisas. Na Coruña, a eclipse total comezará ás 20.27.37 horas e rematará ás 20.28.51. En Lugo, a totalidade producirase entre as 20.28.02 e as 20.29.25 horas. En Ourense,



onde o fenómeno será parcial, o máximo terá lugar arredor das 20.29.54, mentres que en Pontevedra situarase sobre as 20.29.50 horas. O primeiro punto de Galicia onde se poderá observar a eclipse completa será o Cabo de Estaca de Bares, no municipio de Mañón. Pola contra, o último lugar do territorio galego será A Veiga, na fronteira con Porto. “A dura-

ción da fase de totalidade é moi breve, pero intensa; na Mariña de Lugo oscilará entre nove segundos e un minuto e corenta e nove segundos, o que requirirá unha observación atenta e segura”, indicou un técnico da Comisión Nacional de Astronomía.

HISTORIA

A eclipse do 12 de agosto de 2026



será a primeira eclipse total visible desde España desde 1912. Este fenómeno abrirá a chamada “triada de eclipses ibéricas”, xa que o 2 de agosto de 2027 haberá outra eclipse total e o 26 de xaneiro de 2028 unha eclipse anular. “A importancia deste trío de eclipses é enorme; cada un deles ofrece oportunidades únicas para a investigación científica e a educación cidadá”, sinalou o director

da Comisión Nacional da Eclipse. A cidadanía mostrou gran expectación. Un veciño de A Mariña comentou: “Nunca pensamos que poderíamos ver unha eclipse total desde a nosa vila, é algo que contaremos aos nosos netos”. Outro engadiu: “Ver como a luz do Sol desaparece detrás da Lúa, aínda que sexa por un minuto, cambia a perspectiva de calquera sobre o cosmos”.

Os organismos científicos sinalaron que, aínda que cada ano prodúcese polo menos dúas eclipses solares en diferentes puntos do planeta, “poder observalos sen saír do propio país é algo extraordinario”. Por iso, a Comisión Nacional de Astronomía puxo en marcha plans de coordinación e divulgación para garantir información rigorosa e recomendacións de seguridade para toda a cidadanía.

TURISMO

Para aqueles que buscan unha experiencia única e para o turismo científico que xa comeza a moverse, hai varios lugares con vantaxe competitiva. Os destinos Starlight, territorios certificados internacionalmente pola calidade do seu ceo nocturno e baixa contaminación lumínica, serán especialmen-

SEGURIDADE

observación directa do Sol entraña **riscos serios** para a vista. Un especialista en óptica explicou que “a radiación que emite o Sol, desde o infravermello ata o ultravioleta, pode danar permanentemente a retina e mesmo producir cegueira sen aviso previo”. Os técnicos lembran que “a observación directa sen protección, aínda que sexa durante un eclipse parcial, é extremadamente perigosa; calquera aparato óptico como prismáticos, telescopios ou cámaras pode concentrar a luz e danar o ollo de maneira inmediata”. As denominadas **gafas de eclipse**, adquiridas en establecementos especializados ou pla-

netarios, están deseñadas para observar o Sol con seguridade durante períodos curtos, inferiores ao minuto. “Convén comprobar que non presenten raspaduras, perforacións, arañazos, roturas ou dobreces antes de empregalas”, advertiu un membro da Comisión Nacional de Astronomía. Aconséllase tamén probar as gafas mirando unha fonte de luz segura, como unha bombilla de incandescencia, antes de usalas co Sol. **Filtros profesionais** son tamén unha opción, aínda que caros. “Estes dispositivos reducen a luz visible e filtran todas as lonxitudes de onda perigosas para o ollo, reducindo a radiación solar

en factores de 30.000 ou máis, equivalente a ver un cuarto crecente de lúa”, explicaron os técnicos.

O QUE NON SE DEBE FACER:

- Non mires o Sol directamente a simple vista, incluso se está nublado ou o Sol vése débil.
- Non empregues lentes de Sol convencionais, por moi escuras que sexan.
- Non empregues cristais afumados, radiografías, CDs, espellos, nin ningún “truco caseiro”.
- Non apuntes cámaras, prismáticos ou telescopios cara o Sol sen filtros específicos homologados.

te relevantes. “En Galicia contamos con nove destes territorios e en catro deles, todos situados en Lugo, a eclipse será visible na súa totalidade”, destacou un representante de Turismo Científico da Xunta.

Na provincia de Lugo, os destinos Starlight onde se poderá contemplar a eclipse total son Chantada, Muras e a Reserva da Biosfera dos Ancares Lucenses e montes de Navia, Cervantes e Becerreá. No resto de Galicia destacan o Parque Nacional das Illas Atlánticas, a Costa da Morte, Pena Trevinca, Lalín e a Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas. “Para nós, este evento é unha oportunidade para mostrar a riqueza natural e científica de Galicia, combinando turismo, educación e investigación”, engadiu o portavoz.

O concelleiro de Turismo de Lugo afirmou que “a eclipse do 12 de agosto é un fenómeno histórico, que non só ofrece un espectáculo visual, senón tamén unha experiencia educativa única. Animamos aos visitantes a aproveitar este evento para coñecer o noso territorio, sempre respetando as medidas de seguridade”.

EDUCACIÓN

A Comisión Nacional da Eclipse tamén lanzou programas educativos para escolas e centros culturais. “Queremos que os estudantes aprendan a observar o Sol de forma segura e comprendan a magnitude do fenómeno”, sinalou unha representante. As actividades inclúen talleres de proxección, explicacións sobre a dinámica Terra-Lúa-Sol e observación guiada mediante prismáticos seguros.

Ademais, asociacións astronómicas locais ofrecéronse para organizar charlas e rutas guiadas en zonas Starlight. “A participación cidadá é fundamental; queremos que o público vivencie a eclipse con seguridade e que tamén aprenda sobre ciencia”, indicou un coordinador.

A presenza de turistas e afeccionados á astronomía en Galicia está a aumentar. “As reservas de aloxamento están en máximos históricos”, asegurou un empresario da Mariña, que engadiu que “moitos visitantes combinan a observación da eclipse con rutas culturais, sendeirismo e turismo rural, aproveitando a singularidade deste evento”.

TECNOLOXÍA

A observación profesional tamén estará garantida por equipos especializados. “Institutos e universidades instalarán cámaras e telescopios con filtros de alta calidade para documentar a eclipse e facilitar transmisións en tempo



real”, explicou un científico. Estes dispositivos permitirán seguir a evolución da eclipse desde múltiples puntos, ofrecer datos precisos e estudar a coroa solar, a actividade da Lúa e outros fenómenos asociados.

A tecnoloxía tamén terá un papel divulgativo. “Imos difundir o evento a través de redes sociais, aplicacións educativas e transmisións en directo para que quen non poida asistir poida vivir a eclipse desde calquera lugar do mundo”,

sinalou a coordinadora da Comisión Nacional da Eclipse. Nos últimos meses desde a Xunta intensificáronse tamén os traballos de coordinación e divulgación arredor da eclipse total. A administración e entidades científicas están a preparar dispositivos especiais para facilitar unha observación segura e organizada ante a gran afluencia de visitantes que se prevé en Galicia. Entre as medidas adoptadas figura a creación dun portal informativo específico con

datos actualizados sobre horarios, zonas de observación, previsións meteorolóxicas, recomendacións de seguridade e mapas interactivos que permitirán consultar as características do fenómeno en cada concello galego (<https://eclipse.xunta.gal/portada>).

A planificación inclúe ademais simulacións técnicas e probas de aforo en distintos puntos do territorio, coincidindo estes días cunha posición solar practicamente idéntica á que terá o 12 de agosto

de 2026. Os equipos de coordinación están a traballar especialmente en cuestións relacionadas coa mobilidade, os accesos, a protección civil e a conservación dos espazos naturais que poderán rexistrar unha elevada concentración de persoas durante o evento astronómico.

DEPUTACIÓN

Na provincia de Lugo, considerada un dos mellores lugares para contemplar a eclipse total, a Deputación de Lugo puxo en marcha unha ampla campaña divulgativa e educativa co obxectivo de preparar á cidadanía ante este acontecemento astronómico excepcional. A programación inclúe conferencias, charlas informativas e actividades científicas destinadas a achegar o fenómeno ao público e explicar tanto o seu valor astronómico como as medidas necesarias para observalo con seguridade.

Especialistas en astrofísica e divulgación científica están a percorrer distintos puntos da provincia explicando as características da eclipse, os mellores lugares para a súa observación e a importancia de empregar lentes homologadas e sistemas de protección adecuados. Ademais, a Deputación prevé distribuír material informativo e dispositivos de observación entre a veciñanza, así como desenvolver novas actividades nas diferentes comarcas para converter a eclipse non só nun acontecemento científico excepcional, senón tamén nun impulso para o turismo, a divulgación e a posta en valor do territorio.

MÉTODOS

Outra forma segura de contemplar o eclipse consiste en proxectar a imaxe do Sol sobre unha superficie branca. “Cando a luz se dispersa sobre un papel, parede ou pantalla, só unha pequena fracción pasa polo buraco ou filtro, permitindo unha observación totalmente segura”, sinalou un profesor de física.

CARTOLINAS. O método máis simple consiste en usar dúas cartolinas opacas, unha delas cun pequeno buraco. Colocándose de costas ao Sol, a cartolina furada proxecta a luz na segunda cartolina situada a varios palmos de

distancia. “Segundo o tamaño do buraco, a imaxe será máis ou menos nítida; a práctica e os ensaios son fundamentais para obter un resultado óptimo”, engadiu.

sombra correspondente. Incluso podemos facer varios buracos e comparar as proxeccións”, explicou un técnico de divulgación científica.

ESPELLO. Con un pequeno espello cuberto cun papel ao que se recorta un buraco de medio centímetro tamén é posible proxectar a imaxe sobre unha parede. “A forma do buraco non é crucial; a proxección mantén o disco solar e, se o eclipse é parcial, mostra a

PRISMÁTICOS. A proxección con prismáticos ou telescopios ofrece unha imaxe máis luminosa, pero tamén maiores riscos. “O sobrequeque do aparato pode danalo e calquera observación directa sen protección pode ser cegadora. Cómpre orientar a pantalla de proxección correctamente e manipular coidado o enfoque”, engadiu o experto.

COLABORACIÓN

Lembrando ao amigo Antón Valcarce

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

O cantautor, poeta e novelista, Antón Valcarce, naceu en Monforte o 3 de maio de 1952 e deixounos fai agora un ano, o 9 de xullo de 2025. Eu tiven a sorte de coñecelo o 8 de setembro de 2006, no segundo aniversario do pasamento do noso amigo común, Manuel María, na homenaxe que sempre lle fixeron e seguen facendo Xermolos e a Irmandade Manuel María, nas Penas de Rodas, no cemiterio de Outeiro de Rei e na Carballeira de Santa Sabela cada 8 de setembro, ao que el nunca faltaba. Era sempre o encargado de traer o viño para regar o pan e o queixo na entrega da “Navalla de Manuel María”, aledándonos tamén coa súa voz e as súas cantigas.

Empezou cantando no metro de París e alí, animado pola emigración galega, empezou a escribir cancións, as primeiras foron “Ainda que comamos centeo” e “Galiza son”. Na capital

francesa coñeceu e relacionouse con figuras universais do talla de Pablo Picasso e Georges Moustaki, co que participou como guitarrista en varias gravacións. En Francia consolidou unha rede de actuacións en recintos vinculados á emigración e ao activismo político; ofreceu recitais para a comunidade emigrada en Francia, Suíza e Bélxica e os seus concertos convertéronse en actos de profunda carga emotiva e social, onde interpretaba composicións que falaban da morriña, do traballo fora da terra e da dureza da ditadura franquista. Pero non se afaciá lonxe da terra e volveu para o seu Monforte natal aínda que comamos centeo, e con esa canción presentouse no “IV Festival de la Canción de El Grove-Centolla”.

Foi o único cantante galego que gañou “O Centolo de Ouro” en 1975 e outro ano “O Centolo de Prata”, nese prestigioso certame de folk de O Grove, onde competiu con Xocaloma e Suso Vaamonde, acadando tamén o “Primeiro Premio Absoluto” e o “Premio Especial da Prensa”. Neses momentos estaba considerado como un dos máis brillantes cantautores galegos, aínda que hoxe sexa o autor da “Nova Can-



ción Galega” máis descoñecido.

No 1976 deu un recital dirixido á comunidade galega e á resistencia política exiliada no Reino Unido, no prestigioso “Sadler’s Wells Theatre” de Londres. Actuar nese templo das artes escénicas británicas, non só foi o maior fito da súa carreira internacional, senón tamén, unha das grandes fazañas da historia da canción de autor galega no estranxeiro; con unha cifra histórica de cinco mil espectadores para un recital en galego fóra da península, formado maioritariamente pola comunidade emigrada e exiliados políticos.

En 1978 participou no disco colectivo “Galiza, hoxe”; gravou os álbums “Tarde, mal... e arrastro” e “A balada do fillo do... crego”, con cancións cargadas de mensaxes e de protesta, unha reserva da esquecida colleita de Voces Ceibes. Facía canción social

e ata as que parecen frívolas, no fondo son moi tristes; como a inspirada nun caso real dun emigrante que sae para Arxentina e acaba por error en Nova York. Decía que non lle saen cancións de amor, que deixara de actuar hai anos, pero nunca de compoñer, e pensaba que moitos dos seus textos están vixentes.

No terreo literario, Antón Valcarce é un clásico da literatura monfortina, con libros como: “Contos en tempos de festa e purgacións”, “A vida nas botas”, “Contáronme que che contara”, “Soños de Chicolate”, “O que non che contaron de Monforte” e o libro para nenos, “Troitiña”. Afirmaba que escribiu e compuxo desde sempre anque empezou a publicar tarde e recoñecía que non era escritor de profesión, pero gustaba moito dese traballo aínda que resultara complicado. El aseguraba que si cantaba e escribía era porque non lle gustaba o mundo no que vivía.

Por outra banda, Antón sempre lle oíra a seu pai que a Torre de Doncos, emblema monumental da serra de Os Ancares e declarada monumento nacional en 1949, era propiedade da familia Valcarce e o caso cobrou actua-

lidade cando a Casa de Alba dixo que non figuraba entre as súas propiedades e foi entón, en outubro de 2014, cando fixo a reclamación ante a Xerencia Territorial do Catastro de Lugo para pedir que se actualizara no seu favor a titularidade da antiga fortaleza e a finca derredor, ocupada no século XIV por García Rodríguez de Valcarce, señor de Sarracín, Corullón e Montefurado, posesións herdadas da súa nai Constanza García. A partir de aí ignórase quen é o titular da mesma, aínda que na páxina web da Asociación Española de Amigos dos Castelos constaba “como solar dos Valcarce”.

Fixo a reclamación como herdeiro directo e primoxénito dos Valcarce, en representación de toda a familia, pero non os movía ningún interese, só querían deixar as cosas claras e que Doncos se restaurase pronto para uso público. Só buscaban un recoñecemento simbólico: “Si nos recoñecen a titularidade da torre, ao día seguinte firmamos a cesión para uso público”, pero en outubro de 2017 o TSXG denegoulles a propiedade, por unha sentenza histórica de 1566 atopada en Valladolid.

Descanse en paz este bo amigo.

Afogamos

OUTRA XEIRA



Pablo Veiga

A pesar de recoñecer que non é o tempo tema que máis nos motive á hora de escribir, a realidade resulta caprichosa e a dicir verdade, semella ser asunto capital para iniciar conversación cando nos atopamos uns cos outros. E servidor non é alleo, por suposto. Meses atrás, falamos dun inverno onde non paraba de chover, con enchentas que asolagaban campos e pradeiras, con estragos na rede viaria coas consecuencias sabidas, realidade repetitiva

que non consegue das autoridades competentes que se tomen medidas preventivas para paliar eses danos. No último mes, mentres a primavera estaba a punto de dar entrada ó verán, unha vaga de calor instalouse por toda a Península, afectando o conxunto de Galicia. Temperaturas que sobrepasaban ben os trinta graos e as noites chamadas tropicais que non deixaban conciliar o sono, tocáronnos sufrir con resignación. Calor abafante que permaneceu varias xornadas. Non é a primeira vez, certo, pero chama a atención o cedo que se produce un fenómeno destas características. E o que deriva da calor excesiva, escasa humidade e algo de aire, sabémolo á perfección, xa que está

servido o cóctel perfecto para que se produzan os incendios forestais. Así, asistimos a un lume de considerables dimensións en Herbón, na terra dos pementos de Padrón, que foi difícil de controlar, chegando a ameazar as vivendas da contorna, o que obrigou a decretar a evacuación dalgúns veciños. Aquí na bisbarra, Xermade e Cospeito recibiron o correspondente premio con lumes nas parroquias de Roupar e Xermar, sobre todo na primeira, con 35 hectáreas queimadas, das que once corresponden a zona de arboredo. A consecuencia económica para os propietarios dese monte, xa nolas podemos imaxinar.

De novo, consciente ou inconscientemente aparece ante nosoutros a

laca dos incendios como un pesadelo que sabemos con total certeza que volveremos sufrir. Aínda non esquecemos os do pasado ano na provincia de Ourense, que chegaron a arrasar entorno ó dez por cento da superficie total. Monte, pastos, árbores, viñedos, animais e casas foron devorados polas lapas durante varios días. E puxéronse tódolos medios habidos e por haber para extinguiilos, por aire e por terra, avións, motobombas, brigadistas, axentes; todos a unha para deter a desfeita. O método coñecémolo de sobra e cómpre polo en valor, por suposto que si.

Achamos unha realidade que xa non podemos agochar, nin moito menos negar. Sempre choveu, sempre fixo

calor, cando correspondía, si, pero nos últimos tempos a meteoroloxía estanos a xogar malas pasadas, poñéndonos a proba. Debemos reaccionar o conxunto da sociedade e saber dar respostas axeitadas. Non existen as fórmulas máxicas e infalibles, mais si é preciso unha actuación o máis global posible, poñendo medidas reais e efectivas enriba da mesa para que se leven a cabo. É un chamamento a quen teña responsabilidade política para que agarre o timón e inicie ese labor, deseñando un plan ambicioso, sen ataduras e con decisión e coraxe. A calor déixanos sen folgos, pero non afogamos. Co fume, si. É a morte e destrución. Teñámolo en conta.

TERRACHAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfonos: 661 464 323 - 673 903 924
E-mail: redaccion@terrachaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU-517-03
ISSN 2660-4507

Teléfono 661 464 323

redaccion@terrachaxa.com

Os artigos de opinión publicados reflicten unicamente posturas persoais dos seus autores. O contido dos artigos será responsabilidade do seu autor. Este medio non se responsabiliza das opinións e ideas incluídas no mesmo.

DEPUTACIÓN

Esixe que se retire o decreto que pecha os ambulatorios os sábados

O Pleno da Deputación aprobou reclamarlle á Xunta a retirada do decreto que modifica a organización da atención primaria os sábados en horario de mañá. Unha medida que supón, na práctica, o peche de centros de saúde, unha maior presión asistencial sobre os Puntos de Atención Continuada (PAC) e un novo retroceso da sanidade pública no rural. Así se acordou tras unha moción socialista aprobada co apoio do BNG e o Deputado non adscrito, e cos únicos votos en contra do PP.

“Estamos ante un novo golpe á sanidade pública e á atención de proximidade”, valorou a Presidenta da institución provincial, Carmela López, antes de entrar á sesión plenaria. “Falta planificación, sabemos que a poboación se triplica en moitísimas comarcas e non é aceptable que a solución aos problemas estruturais da atención primaria pase por cerrar consultas e trasladar toda a presión aos PAC”, engadiu.

Na defensa da iniciativa, o Deputado de Recursos Sostibles, Francisco Cajoto, denunciou que o decreto foi aprobado sen diálogo cos profesionais sanitarios e que concentra a atención nos PAC sen reforzar os cadros de persoal nin os recursos dispoñibles. Tamén advertiu de que modifica de maneira unilateral as condicións laborais dos profesionais e agrava a sobrecarga dun servizo que xa sofre unha importante falta de persoal.

Cajoto lembrou que a medida foi rexeitada polos propios profesionais sanitarios e puxo como exemplo as dificultades de acceso á atención urxente en concellos como Friol,



onde a veciñanza debe desprazarse a Lugo, Guitiriz, Palas de Rei, Outeiro de Rei ou Guntín. Ademais, sinalou que, segundo o Consello de Contas, un de cada tres profesionais do sistema sanitario galego ten un contrato eventual, unha porcentaxe que ascende ao 40 % no caso do persoal de enfermaría.

SERVIZOS SOCIAIS. A Deputación tamén demandará á Xunta un plan estratéxico de servizos sociais e a transparencia no seu financiamento e no do sistema galego de dependencia. A medida quedou tamén aprobada no Pleno celebrado este martes no Pazo de San Marcos tras unha moción socialista que saíu adiante cos votos a favor do PSdeG, BNG e o Deputado non adscrito e os votos en contra do PP.

O Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, sinalou que o envellecemento da poboación, a dispersión xeográfica ou a maior lonxevidade das persoas están a incrementar as necesidades asistenciais das persoas maiores e dependentes de toda Galicia. Unha

situación que se ve agravada polas “importantes” carencias en materia de planificación, coordinación e financiamento como evidencian as cifras oficiais.

A iniciativa aprobada inclúe instar á Xunta a elaborar e aprobar o Plan Estratéxico de Servizos Sociais de Galicia previsto por Lei; presentar un informe detallado e público sobre as achegas económicas destinadas ao financiamento do sistema de dependencia en Lugo entre o 2012 e o 2025; a que reforce o financiamento do Servizo de Axuda no Fogar; e a desenvolver unha planificación real e coordinada de prazas residenciais e recursos sociais.

O Pleno provincial sacou adiante, por unanimidade, unha Declaración Institucional reafirmando o seu compromiso cos dereitos do colectivo LGTBI, con motivo do Día Internacional do Orgullo que se conmemorou o pasado domingo 28 de xuño. Un texto que denuncia a persistencia da discriminación e a violencia e chama a reforzar as políticas públicas de igualdade, protección, educación e convivencia inclusiva.

Presentan o proxecto dunha aula móbil para a formación no forestal

A Deputación de Lugo reforza o seu compromiso co sector forestal cun proxecto pioneiro que achega a formación ao propio lugar de traballo. O anuncio realizouno o deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, durante a Asemblea Xeral de Lugomadera, celebrada en Vilalba.

Para poder desenvolver este proxecto con este colectivo, que reúne a 270 asociados e asociadas, a institución provincial asinará un convenio coa asociación para a adquisición e acondicionamento dunha unidade móbil de formación, unha aula sobre rodas que permitirá achegar a capacitación profesional directamente ás explotacións e aproveitamentos forestais da provincia. O investimento total ascende a máis de 65.000€ dos que a Deputación achega 60.000€. O proxecto parte dunha idea “tan sinxela como innovadora”, detallou Rivera, cando explicou que se trata de “levar a formación ata onde están os profesionais. Fronte aos modelos tradicionais, que esixen desprazamentos a centros especializados, esta aula itinerante permitirá impartir formación directamente no monte, facilitando o acceso á actualización de coñecementos e á formación continua sen que a distancia ou a dispersión territorial supoñan unha dificultade engadida”.

A unidade móbil contará con aula portátil, ferramentas demostrativas e material audiovisual, e ofrecerá contidos adaptados ás necesidades reais do sector. As accións formativas abrangerán desde operacións



forestais básicas, como apeo, desbroce ou poda, ata aspectos normativos, ambientais e preventivos. A seguridade e a saúde laboral terán un papel destacado, con formación específica sobre o uso correcto dos equipos de protección e a aplicación de técnicas de traballo seguro.

Ademais, a iniciativa incorporará unha campaña de sensibilización para promover boas prácticas na conservación da rede viaria provincial. Neste marco elaborárase e distribuirase un manual de boas prácticas dirixido ás empresas e profesionais do sector, que incluírá recomendacións técnicas e medidas preventivas para as operacións de corta, desembosque, carga e transporte de madeira, co obxectivo de minimizar o impacto sobre as infraestruturas viarias e contribuír á seguridade dos seus usuarios.

Rivera destacou que esta actuación é un exemplo da colaboración entre a administración pública e o tecido produtivo para dar resposta a necesidades reais e contribuír ao fortalecemento dun sector clave para o desenvolvemento económico.

Adxudicado o novo sistema informático que modernizará a xestión tributaria

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo deu este venres luz verde á adxudicación, por 2,5M€, dun novo sistema informático para a xestión tributaria da institución provincial. Unha ferramenta que, en palabras da Voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, “suporá un importante avance na modernización dos servizos que prestamos aos concellos e á cidadanía”.

“Falamos de algo que nos permitirá facer unha administración fiscal máis áxil, máis eficiente e máis próxima. Un sistema que dará cobertura aos concellos da provincia na xestión de

impostos, taxas e outros ingresos públicos, facilitando os trámites tanto ás administracións locais como aos contribuíntes”, sinalou García Porto. Resultou adxudicatario Gestión Tributaria Territorial SAU, que prestará este servizo durante os vindeiros catro anos. Nese sentido, explicou a Deputada que este sistema permitirá, entre outras vantaxes, reducir tempos de tramitación, impulsar a sede electrónica e ampliar as posibilidades de relación telemática coa Administración, sempre con plenas garantías de seguridade. Un sistema que incorporará melloras

específicas para facilitar os plans personalizados de pagamento e contará cun módulo de atención telefónica pensado especialmente para aquelas persoas que teñen máis dificultades para utilizar medios dixitais.

Pilar García Porto asegurou que “estamos ante unha actuación que reforza a cooperación da Deputación cos concellos, mellora a calidade dos servizos públicos e facilita a relación entre a cidadanía e a Administración, facendo que os trámites sexan máis sinxelos, máis rápidos e máis accesibles”.

A OLERÍA NA PROVINCIA



O Centrad acolleu a presentación do libro *Conciencia dunha tradición. Olería de Mondoñedo, Bonxe, Samos e Gundivós*, unha obra editada polo Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo que continúa o traballo de investigación e divulgación sobre a tradición oleira da provincia. O volume está asinado por Luís Hixinio Flores Rivas, Óscar Lantes-Suárez, María Pilar Prieto Martínez, Manuel Fernández López “Lolo” e Orlando Viveiro Veiga, autores desta terceira entrega da colección Formas tradicionais da cerámica popular.

DEPORTES

Jorge González e Nere Nuño gañan a primeira Vacaloura Gravel

A primeira edición de Vacaloura Gravel cumpriu coas expectativas e converteu a Terra Chá no epicentro do gravel galego durante unha intensa xornada de ciclismo, natureza e aventura. Máis de 300 participantes gozaron dun percorrido deseñado para descubrir algunhas das paisaxes máis representativas da comarca, nunha cita que nace con vocación de continuidade e que deixou un excelente sabor de boca tanto entre os ciclistas como entre a organización, o Club Ciclista Cidade de Lugo.

No percorrido competitivo absoluto, a vitoria foi para Jorge González Segurado, que completou a proba nun tempo de 2:58:00, convertén-

dose no primeiro vencedor da historia de Vacaloura Gravel. O podio masculino completárono David Pollán Díaz, segundo con 3:02:56, e Mario Costa, terceiro con 3:04:07. Na categoría feminina, o triunfo foi para Nere Nuño Iglesias, que cruzou a meta cun tempo de 3:41:12, por diante de Cecilia Abal Mosteiro e Gemma Martínez.

Máis alá da loita pola clasificación absoluta, Vacaloura Gravel volveu poñer de manifesto a filosofía coa que naceu o proxecto. Centos de afeccionados participaron nas modalidades cicloturistas, gozando dunha xornada de deporte e natureza polos camiños da Terra Chá.

Pastoriza celebra o 12 a súa carreira popular

O concello de Pastoriza, xunto coa Asociación de Comerciantes e Empresarios de Pastoriza, organizan a terceira edición da carreira popular e andaina da localidade, en homenaxe a José Yáñez García.

Terá lugar o domingo 12 de xullo, en horario de mañá na praza do Concello. Comezarán os máis pequenos ás 11.15 horas, que estarán divididos en tres grupos. Media hora máis tarde será a andaina, de 4,5 quilómetros. Ás 12.00 horas será a quenda dos adultos, que percorreren 7 quilómetros.

A programación da xornada completárase con animación musical

durante toda a xornada e finalizará con pinchos gratis para todos os asistentes.

Os premios serán para os tres primeiros da absoluta masculina e tres para a feminina en cada unha das categorías. Haberá un agasallo especial para os corredores empadroados no Concello da Pastoriza que quedaran nos tres primeiros postos da carreira absoluta.

Tamén haberá medalla para todos os nenos participantes nas probas infantís e trofeo para os tres primeiros clasificados masculinos e femininos de cada unha das categorías agás os máis pequenos.

ENCANTO ANUAL DE FUTBOLISTAS



As Pontes volveu render homenaxe á súa tradición futbolística coa celebración do IV Encontro de Ex-Xogadores, Adestradores e Directivos, unha cita que congregou a preto de 90 persoas vinculadas ao fútbol da vila ao longo de distintas xeracións. A xornada converteuse nun espazo de reencontro, convivencia e recordo para quen contribuíu a escribir a historia deportiva do municipio.

Francisco Dorado gaña o primeiro Rallymix Concello de Guitiriz

O Concello de Guitiriz converteuse no principal escenario do deporte do motor en Galicia coa celebración da primeira edición do Rallymix Concello de Guitiriz - Gran Premio Deputación de Lugo. A competición reuniu un total de 86 pilotos e pilotas no municipio chairgo, que se repartiron 7.850 euros en premios entre as distintas categorías.

Na clasificación xeral, Francisco Dorado, acompañado por Andrea Lamas como copilota e ao volante dun Skoda Fabia RS Rally2, proclamouse vencedor absoluto da competición, converténdose así no primeiro gañador da historia desta nova cita deportiva. O podio completouse con Alfonso Ventin, cun Yacar Yacarcross, na segunda posición, mentres que Antonio López, tamén cun Yacar Yacarcross, ocupou o terceiro posto.

Ademais da clasificación xeral, a organización premiou aos mellores participantes nas diferentes categorías especiais. No VII Trofeo Feminino Pub Zeus, Iría Iglesias, acompañada por David Ameneiro como copilota e cun Citroën Saxo, acadou a primeira posición, seguida por Raquel Ruel,



que competiu cun Kincar.

No I Trofeo Scratch Fene Cafetería Pub Titanic, a vitoria foi para Adrián Insua, acompañado por Eva María Canide como copilota e cun Ford Fiesta Mk2. A segunda posición correspondeu a Borja Ctovad cun L-base SX01.

Pola súa banda, no II Trofeo Pilotos Lucenses Carnicería Vitorio, Francisco Dorado e Andrea Lamas volveron subir ao máis alto do podio co Skoda Fabia RS Rally2. O segundo posto foi para Alberto Vázquez cun Yacar Yacarcross, mentres que Adrián Torreira, acompañado por Cristina León como copilota nun Citroën Saxo,

acadou a terceira posición.

No I Trofeo Júnior Guitiriz Racing Detailing, Cesar Domínguez conseguiu a primeira posición cun Yacar Yacarcross, seguido por Mario Rodríguez, tamén cun Yacar Yacarcross, e por Damián Mateo Abal, cun Kincar MT.

En canto ao I Trofeo Máster Café Pub SOA Bocatería, o primeiro posto foi para Iago Caamaño e José Alberto Rodríguez como copilota cun Ford Fiesta R5. A segunda posición foi para Celestino Iglesias e Jorge Iglesias como copilota cun Ford Fiesta N5, mentres que o terceiro posto correspondeu a Ismael Campo cun Kincar.

O IES Castro da Uz gaña as dúas carreiras Greenpower Galicia

Os equipos Kastro Sport Team I e Kastro Sport Team II do IES Plurilingüe Castro da Uz das Pontes de García Rodríguez gañan a III Carreira Greenpower Galicia na categoría F24, de 11 a 16 anos, e na F24+, de 16 a 25 anos. O campionato, organizado pola Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol (EPEF), baixo o paraugas do Campus Industrial da Universidade da Coruña (UDC) e en colaboración coa Escudaría As Pontes motorsport, reuniu no circuíto de karting desta localidade, a 12 equipos de Galicia, de Asturias e do País Vasco.

O obxectivo desta carreira é o de percorrer a maior distancia posible, ou o que é o mesmo, dar o maior número de voltas ao circuíto, usando unha única batería eléctrica sen a posibilidade de recarga ou de cambiala durante o percorrido. Para iso, o estudiantado de ESO, de Bacharelato, de FP e de universidade participante poderá usar un vehículo eléctrico construído a partires dun kit básico proporcionado por Greenpower Iberia no que se inclúen as rodas, os eixos dianteiro e traseiro, o chasis,



o motor, así como un par de baterías, ou competir cun coche creado “desde cero”. Deste xeito, non gaña o equipo máis rápido senón aquel que conduce do xeito máis eficiente e sustentable posible.

Os equipos participantes na categoría F24, de 11 a 16 anos, tiveron que superar unha proba de resistencia de 90 minutos de duración no circuíto de karting situado no Concello das Pontes, cambiando de condutor ou condutora, de xeito obrigatorio, nalgún momento da proba. Os equipos participantes na categoría F24+, de 16 a 25 anos, deberán superar dúas

probas de resistencia de 60 minutos de duración sen a obriga de mudar de condutor ou condutora do vehículo en ningún momento do percorrido.

Un ano máis, colaboraron nesta III Carreira Greenpower Galicia, organizada pola Escola Politécnica de Ferrol (EPEF), Greenpower Iberia, a Deputación da Coruña, o Concello das Pontes, o Concello de Ferrol, o grupo Intaf, a Carpintería Madesa das Pontes, o concesionario Renault Caetano Fórmula Galicia e Supermercados Gadis.

Julio Guntín colle a presidencia do Vilalba FS tras renovar a directiva

O Vilalba F.S. inicia unha nova etapa coa elección dunha nova xunta directiva, despois da renuncia do equipo encabezado por Álvaro Fraga, que estivo á fronte da entidade durante os últimos anos. A nova dirección foi elixida por unanimidade na asemblea extraordinaria celebrada polo club, na que concorreu unha única candidatura.

A partir de agora, Julio Guntín ocupará a presidencia da entidade, acompañado por Kini Martínez como secretario, César Quijada como tesoureiro e Antonio Teijeiro como vogal.

A nova directiva marcou como principal obxectivo dar continuidade ao traballo desenvolvido polo equipo saínte, unha etapa na que o club experimentou un notable crecemento tanto no ámbito deportivo como organizativo. Durante o mandato de Álvaro Fraga púxose en marcha a sección feminina, que chegou a situarse ás portas da Primeira División, mentres que o equipo sénior masculino conseguiu o ascenso á Segunda División B, consolidando ao Vilalba F.S. como unha das referencias do fútbol sala galego.



A planificación da próxima tempada xa está en marcha e un dos asuntos clave será a configuración definitiva das categorías nacionais. Desde o club confían en que o conxunto sénior masculino continúe competindo na categoría de bronce do fútbol sala estatal, ao contar co mellor coeficiente entre os equipos candidatos a cubrir posibles vacantes, ademais de estar pendentes da resolución do recurso presentado ante o Tribunal Administrativo do Deporte.

Nos últimos días, representantes da nova directiva mantiveron tamén unha reunión coa alcaldesa de Vilal-

ba, Marta Rouco, e coa concelleira de Deportes, Paula Vigo. No encontro trasladaron a intención de incorporar novos equipos de base á estrutura do club e expuxeron diversas necesidades relacionadas co Pavillón Municipal de Deportes, entre elas os problemas de goteiras e condensación que afectan ás instalacións durante a tempada.

A nova xunta quixo agradecer expresamente o labor desenvolvido por Álvaro Fraga e polas persoas que formaron parte da directiva durante estes anos, entre elas Manuel López, José Antonio Rey "Lexos", Álvaro Vázquez e o propio Julio Guntín.

A vilalbesa Julia Cabarcos fai historia e logra o seu pase ao Mr. Olympia

A vilalbesa Julia Cabarcos escribiu unha nova páxina na historia do culturismo galego ao conseguir a súa clasificación para o Mr. Olympia, o campionato máis importante e recoñecido desta disciplina a nivel internacional. A deportista, de 41 anos, será a primeira galega en competir neste escenario de elite, que se celebrará en Las Vegas entre o 24 e o 27 de setembro.

O logro chega tras unha intensa traxectoria deportiva e despois de dar o salto ao circuíto profesional da NPC. Cabarcos, que o pasado ano se proclamou campioa de España na categoría amateur tras abandonar a IFBB, conseguiu a súa clasificación para o Olympia na categoría Women Physique ao impoñerse na súa primeira proba profesional disputada en Alacante.

Co billete para Las Vegas xa asegurado, Cabarcos afronta agora as próximas citas competitivas cunha maior tranquilidade. Antes do Mr. Olympia participará en probas internacionais en Portugal e nos Estados Unidos, continuando unha tempada que xa quedou marcada polo seu histórico éxito.

A deportista destaca tamén o apoio recibido por parte do seu adestrador e parella, Arturo Castañeda.

Marcos Ruiz e Tereza Ctvrtnickova imponse no I Tríatlon Lago das Pontes

O Lago das Pontes converteuse este domingo no escenario dunha intensa xornada deportiva coa celebración do I Tríatlon Lago das Pontes, unha competición que reuniu preto de 400 deportistas nas modalidades de media distancia e distancia olímpica, tanto en categorías masculina e feminina como por relevos.

Na proba de media distancia masculina, a vitoria foi para Marcos Ruiz Bague, que completou o percorrido cun tempo de 4 horas, 57 minutos e 57 segundos. O triatleta conseguiu unha vantaxe superior aos catro minutos sobre Pablo López, segundo clasificado, mentres que Ramón Troncoso ocupou a terceira posición. Na categoría feminina da mesma distancia, a máis rápida foi Tereza Ctvrtnickova, que cruzou a meta tras 6 horas e 50 segundos de competición. O podio completárono Miriam Maceira e Paula Taboada.

Pola súa banda, na distancia olímpica masculina o triunfo correspondeu a Emilio Tizón Valverde, cun rexistro de 1 hora, 52 minutos e 12 segundos. A primeira posición feminina foi para Ainoa Gontán Iglesias, que finalizou a proba en 2 horas, 4 minutos e 27 segundos. Jacobo Crego e Alberto

Tomé acompañaron aos vencedores no podio masculino, mentres que Miriam Trigo e Iria Fernández fixeron o propio na clasificación feminina.

A competición tamén contou cunha destacada participación na modalidade de relevos. En media distancia, o equipo A Cuarta do Abente, integrado por David, Alejandro e David, acadou a vitoria. O segundo posto foi para Tríatlon Vilalba, formado por Noelia, Marcos e Roberto, mentres que o Tríatlon Ferrol, con Pablo, José Antonio e Mario, completou o podio. Na distancia olímpica por relevos, o triunfo foi para o equipo Chill, composto por Álvaro, Andrés e Héitor. A segunda posición correspondeu a Los Ocupados, integrado por Fernando, Pablo e Manuel, e o terceiro lugar foi para Tríatlon Vilalba, con Eva, Gonzalo e José Luis.

A proba, organizada polo club TriArteixo-AcadeAma coa colaboración da Federación Galega de Tríatlon e Pentatlón Moderno, o Concello das Pontes, a Deputación da Coruña e a Xunta de Galicia, nace coa intención de consolidarse no calendario deportivo galego e converter o lago pontés nun referente para a práctica do tríatlon.

A Nocturna San Ramón volverá o 22 de agosto

A alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, e a concelleira de Deportes, Paula Vigo, participaron na Casa da Cultura na presentación da VIII Nocturna San Ramón – Carreira Popular Vilalba, acompañadas por Luis Graña e Aitor Lozano, presidente e secretario respectivamente do Clube Atletismo Vilalba.

A proba celebrarase o sábado 22 de agosto, nas xornadas previas ao inicio da programación das festas de San Ramón e Santa María, consolidándose un ano máis como unha das citas deportivas do verán no municipio.

Ademais, por segundo ano consecutivo, a carreira formará parte do circuíto de carreiras populares da Terra Chá, reforzando así a súa

proxeción dentro do calendario deportivo da comarca.

A xornada contará con diferentes categorías adaptadas ás distintas idades e niveis de participación: pitufos, sub10, sub12, sub14, sub16, andaina e absoluta.

As saídas comezarán ás 20:00 horas coa categoría pitufos e rematarán ás 21:15 horas coa saída da carreira absoluta. As persoas interesadas en participar poderán realizar a súa inscrición ata o 20 de agosto de 2026.

O formato da Nocturna permite que poidan participar persoas de diferentes idades e condicións físicas, facendo do deporte unha actividade aberta e accesible, destacou a organización.

Begonte reuniu uns 250 atletas na carreira popular

Begonte celebrou a novena edición da súa carreira popular, unha competición que reuniu arredor de 250 deportistas. Na carreira absoluta, cun percorrido de sete quilómetros, os vencedores foron Juan Antonio Gude, do club Lucus Caixa Rural, e María Jesús Conde, representante do Lugo Running. O podio masculino completárono Javier Neira Vázquez e Guillermo Denis Castillo, mentres que na clasificación feminina acompañaron á gañadora Nía Franco e Nuria Pastor.

As categorías de promoción tamén tiveron unha destacada participación. Ademais, organizouse unha carreira mini de 150 metros na que todos os participantes recibiron medalla como recoñecemento ao seu esforzo.

Na categoría sénior feminina destacou o empate das irmás Lucía e Ro-

cío Feijóo Díaz, que cruzaron a meta ao mesmo tempo e compartiron as dúas primeiras posicións. O terceiro posto foi para Vanesa Martínez. Pola súa banda, na clasificación sénior masculina, Manuel Ferreira, Daniel Martínez e Daniel Ares ocuparon os tres lugares do podio.

A competición tamén premiou aos mellores atletas veteranos. Na categoría A acadaron o triunfo María Álvarez e Juan Carlos Vázquez; na B, os máis rápidos foron Ana Valbuena e Carlos Álvarez; e na C impuxéronse Elva Méndez e Gerardo Raposo.

O club Nosportlimit proclamouse vencedor na categoría masculina por equipos, mentres que Lugo Running conseguiu a primeira posición na feminina. O premio ao club con maior representación foi para Corre por Begonte, que contou con once atletas inscritos.

RALLY NA PASTORIZA



O circuíto de Pastoriza acolleu unha xornada de copilotaxe organizada pola escudería lucense Breogan Rally, na que afeccionados e afeccionadas ao automobilismo puideron probar o trazado xunto aos pilotos Adrián Díaz, de Lugo, Óscar Alvaredo, de Sarria, e ao coruñés Iván Ares, campión de España en 2017.

DE RUTA EN RUTA

Viveiro: a mina da Silvarosa

Un pequeno paseo no que admirar un anaco do pasado industrial do municipio

Dende Covas pódese facer unha interesante ruta ata a mina da Silvarosa para descubrir o pasado férreo do municipio. Así, dende a praia de Covas camiñárase ata os Castelos e cruzárase a pasarela de madeira do parque Pernas Peón. Neste momento poderase admirar un ciprés centenario na beirarrúa que data de 1920. Fronte a casa nº13 sae un sendeiro pequeno, si se vai na época de primavera ou verán haberá que ter ollo pois a herba pode estar alta e ocultará o camiño. Despois tan so haberá que seguir subindo ata chegar ao alto da Silvarosa

HISTORIA. A mina da Silvarosa (tamén coñecida como The Viveiro Iron Ore Co. Ltd.) foi unha antiga explotación mineira situada en Viveiro. Esta estaba dedicada á extracción de ferro, que funcionou desde finais do século XIX ata os anos 1960. A extracción de ferro no municipio para uso industrial empezou a comezos do século XIX, coa construción do primeiro alto forno do Estado na parroquia cervense de Sargadelos, para a obtención de ferro coado.

Con todo, a actividade industrial de Sargadelos acabaría desaparecendo, e con iso, tamén a extracción de ferro de Viveiro. A finais do século XIX, retomouse de novo o interese pola mina Silvarosa. E no ano 1889, Ricardo de Chairó Oleaga solicitou a inscrición no Rexistro Mineiro de varios filóns situados nos concellos de Viveiro, Vicedo e Ourel, aínda que nunca chegou a explotalos. Foi o empresario alemán Otto Kreizner, xunto ao enxeñeiro Joseph Massenez, quen se fixo cos dereitos de explotación mineira da Silvarosa e para extraer o mineral fundouse a sociedade alemá The Viveiro Iron Ore Co. Ltd., arrendataria da concesión de Kreizner e Masenez. Os traballos preparatorios da mina empezaron no ano 1893 baixo a dirección do enxeñeiro Frederic Staaden. Malia que non sería ata o 20 de decembro de 1899 cando o primeiro barco mercante partise do cargadeiro da Insua en Viveiro con rumbo a Alemaña. Ao comezo, a extracción de mineral de ferro realizábase ao descuberto, seguindo a veta. No primeiro ano

de actividade, logrónse extraer un total de 104.197 toneladas, que se transportaron en 35 cargamentos. A partir de 1910 continuaron os labores, pero de maneira subterránea. Para poder transportar o mineral de ferro desde a mina ata os barcos mercantes, deseñouse un sistema teleférico, que tiña unha capacidade para transportar 250 toneladas de ferro á hora. Co comezo da Primeira Guerra Mundial a actividade mineira quedou paralizada e foi adquirida polo empresario vasco Horacio Echevarrieta, que retomou a actividade no ano 1919. A súa actividade veríase de novo interrompida no ano 1932, debido á persecución política da Segunda República. Xa no ano 1951, durante a ditadura franquista, retomouse a actividade por parte do Instituto Nacional de Industria (INI), que se fixo cos dereitos de explotación da mina. O INI mantivo activa a mina ata o ano 1966, cando se decidiu abandonar a actividade, debido a que o mineral de ferro que se extraía da Silvarosa tiña numerosas impurezas.



DATOS

 3 horas

 11 quilómetros

 Dificultade moderada



GRUPO FORMAT

formación integral de empresas

PREPARATE HOY ! TRABAJA SEGURO, PRÓTEGETE, CERTIFICATE

ACADEMIA grupo FORMAT

Rúa do Acivro 59 Vilalba - Lugo

982513605 info@grupoforma-t.es

CENTRO DE ENTRENAMIENTO DE MOTOSERRISTAS

CENTRO DE CAPACITACIÓN A MOTOSERRISTAS

CURSOS DE USO SEGURO DE MOTOSIERRA

Aprenda de forma PRÁCTICA Y PROFESIONAL el manejo correcto de la motosierra con instructores especializados

